

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 28 de novembro de 2014**

**ASISTENTES:**

**NON ASISTEN:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez  
D. Cayetano Rodríguez Escudero  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. José Manuel Fernández Pérez  
D. Angel Rivas González  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

Invitados:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día vinte e oito de novembro de dous mil catorce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. García Alvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1391).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta da sesión extraordinaria e urxente do 13 de novembro e ordinaria e extraordinaria e urxente do 14 de novembro de 2014. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

**2(1392).- SUBVENCIÓN A FAVOR DA ASOCIACIÓN DE AXUDA ÓS ENFERMOS MENTAL (DOA) PAR AO FOMENTO DA SÚA ACTIVIDADE SOCIAL NO ANO 2014. EXPTE. 11416/101.**

Visto o informe xurídico do 10.11.14, o informe de fiscalización do 19.11.14, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral, do 28.10.14, conformado pola concelleira-delegada de Facenda, que di o seguinte:

## ANTECEDENTES DE FEITO

1º.- Con data 14 de xaneiro de 2014 tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo escrito do presidente da ASOCIACION DE AXUDA AO ENFERMO MENTAL (DOA) solicitude de concesión dunha subvención, nas condicións que esta Administración municipal considere convintes, para o desenvolvemento da súa actividade.

2º.- Faise constar que a ASOCIACION DE AXUDA AO ENFERMO MENTAL (DOA) pola situación de crise , ó interés público social e humanitario, e o colectivo social ó que vai dirixida, o presente Convenio se artella de xeito de manter unha relación directa con este concello , por tratarse dunha institución de interese municipal, resultando polo tanto idóneo para o desenvolvemento das tarefas acordadas polo Concello e a ASOCIACION DE AXUDA AO ENFERMO MENTAL (DOA) a figura do Convenio, por non tratarse dun contrato , pola propia personalidade da entidade colaboradora e o propio Concello , existindo a oportuna prestación de interese público municipal, posibilidade que se contempla no decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril (Art.111).

3º.- Ao dito escrito a asociación solicitante achega a documentación que segue:

- Memoria das actividades realizadas e a realizar.
- Orzamento de gasto e de ingresos.
- Certificacións de carecer de débedas có Concello de Vigo, Facenda pública, Seguridade Social e Facenda da Xunta.
- Declaración responsable de non contar con outro tipo de axuda.
- Copia dos estatutos da asociación.
- Copia do DNI do presidente da asociación.
- CIF sociedade.
- Certificación bancaria.
- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición prevista na Ley de Subvencións de Galicia para ser beneficiaria da subvención solicitada nin en causa de procedencia de reintegro.

4º.- O vixente orzamento xeral municipal inclúe, como subvención nominativa, a favor da ASOCIACION DE AXUDA AO ENFERMO MENTAL (DOA), na aplicación orzamentaria 912.0.480.00.00, a cantidade de 7.290 euros.

5º.- Con estes antecedentes o servizo técnico da Alcaldía procedeu a redacción do convenio reitor da subvención, cuxa aprobación se propón.

## CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

Primera.- A concesión da axuda económica solicitada desta Administración municipal pola ASOCIACION DE AXUDA AO ENFERMO MENTAL (DOA) para o desenvolvemento da súa actividade de interés público social e humanitario, e o colectivo social ó que vai dirixida, se enmarca dentro da denominada actividade administrativa de fomento que as Administracións públicas poden promover mediante a concesión de auxilios directos ou indirectos para servizos ou actividades que complementen ou suplan os atribuídos ao Ente público; acción de fomento á que expresamente se refire o artigo 294 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia, en relación coas Corporacións Locais, dispoñendo que: "1. A actividade de fomento se exercerá de conformidade cos principios de publicidade, obxectividade, libre concorrència e igualdade e con adecuación á legalidade orzamentaria"; que "2. As Corporacións Locais poderán conceder subvencións e axudas de contido económico ou doutra natureza as entidades, organismos

*ou particulares, nos casos en que os servizos ou actividades dos mesmos complementen o substitúan aos atribuídos á competencia local”; que “En todo caso a concesión destas subvencións ou axudas terá en conta os criterios, directrices e prioridades que establezan os planes sectoriais de coordinación” e, por último, que “3. As Corporacións Locais comprobarán a aplicación efectiva dos medios de fomento á la finalidade prevista”.*

*Segunda.- Dentro desta acción de fomento, a axuda económica solicitada responde á categoría técnica de subvención, definida nos artigos 2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e 2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, en tanto que a mesma se concreta nunha achega económica sen contraprestación directa da beneficiaria, que se suxeita á realización dun proxecto, xa realizado ou por desenvolver, cuxa execución ten de fomentar unha actividade de utilidade pública e interese social, como é a protección ás persoas con enfermidades mentais en risco de exclusión social.*

*Tercera.- O artigo 25 da lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases de Régimen Local, na vixente redacción, dada pola lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, establece no seu apartado 2 que: “O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: e) avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación de risco de exclusión social.*

*Cuarta.- A actividade de prestación de servizos sociais, prevención, cooperación e social e fomento da actividade social e solidariedade é, pois, unha actividade que complementa as propias das administracións municipais, a que procede atribuír, pola súa propia natureza, o interese social que precisa a actividade subvencional; cualidades as ditas, que o Concello de Vigo recoñeceu na actividade da asociación beneficiaria, ao incluír no acordo aprobatorio do vixente orzamento xeral, como subvención nominativa, a favor desta asociación, na aplicación orzamentaria 912.0.480.00.00, a cantidade de 7.290 euros.*

*Quinta.- De acordo co disposto nos artigos 22 e 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 19.4.a) e 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderán concederse de forma directa as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, sendo o convenio o instrumento habitual para canalizar estas subvencións.*

*Sexta.- O expediente e o convenio cuxa aprobación se propón incorpora e xustifica as esixencias mínimas que para a concesión desta subvención establece o artigo 26.2 da Lei 9/2007 LSG; determinacións que se estiman conformes ao interese público que a subvención persigue e ao Ordenamento Xurídico e suficientes ao fin pretendido.*

*Sétimo.- Darase ao presente acordo a publicidade exisida polo art. 8.1.c) da Lei 19/2013 do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.*

*Oitavo.- De conformidade co artigo 127.1.g) LRBRL, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación do concesión da subvención, nos termos propostos e, con carácter previo, a aprobación do gasto (artigo 31 LSG), previo informe da Intervención Xeral Municipal.*

*Por todo o exposto, PROPONSE A XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:*

1. *Autorizar o gasto por importe de 7.290 euros, a favor da ASOCIACION DE AXUDA AO ENFERMO MENTAL (DOA), con cargo á aplicación orzamentaria 912.0.480.00.00 "Asociación de Axuda ao Enfermo Mental", en concepto de subvención a actividade desta asociación no ano 2014. A entrega da subvención á ASOCIACION DE AXUDA AO ENFERMO MENTAL (DOA) realizarase contra a presentación da memoria xustificativa e de avaliación da programación correspondente as actividades realizadas no ano 2014, acompañadas dos xustificantes dos pagos realizados deberá ter lugar antes do día 20 de decembro de 2014".*
2. *"Aprobar o texto do convenio entre o Concello de Vigo e a ASOCIACION DE AXUDA AO ENFERMO MENTAL (DOA), que rexerá a subvención nominativa consignada nos vixentes orzamentos do Concello de Vigo para coadxuvar á execución do programa social realizados e por realizar na cidade pola asociación solicitante no ano 2014; texto que se incorpora como anexo á presente proposta de acordo.*

#### ANEXO

*CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACION DE AXUDA AO ENFERMO MENTAL (DOA) QUE HABERÁ DE REXIR A CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN A FAVOR DESTA PARA O DESENVOLVEMENTO DA SÚA ACTIVIDADE SOCIAL NO ANO 2014.*

*Na Casa do Concello de Vigo, a \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de dous mil catorce.*

#### REUNIDOS

*Dunha parte, o Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez.*

*Doutra parte D. LEOPOLDO ROBLA ALVAREZ Presidente da ASOCIACION DE AXUDA AO ENFERMO MENTAL (DOA) C I F num G 36044295 . e enderezo social na rúa Romil 84 da cidade de Vigo.*

*Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,*

#### MANIFESTAN

*I.- Que a ASOCIACION DE AXUDA AO ENFERMO MENTAL (DOA) e unha entidade se ánimo de lucro, que conta entre as súas competencias a prestación de servizos sociais, conforme ó establecido na L. 7/85 de 2 de abril, como a protección, cooperación social e fomento de actividade social e solidariedade coas persoas con enfermidades mentais.*

*II.- Que a Alcaldía de Vigo, coñecedora das ditas actividades e accións e no exercizo da súa competencia propia de avaliación e información de situacións de necesidade social, que lle recoñece o artigo 25 da lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación da ASOCIACION DE AXUDA AO ENFERMO MENTAL (DOA).*

III.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 912.0.480.00.00, como subvención nominativa, a favor da ASOCIACION DE AXUDA AO ENFERMO MENTAL (DOA), a cantidade de 7.290 euros.

IV.- Que a ASOCIACION DE AXUDA AO ENFERMO MENTAL (DOA) non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo máis arriba citado.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervinentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención con aranzo aos seguintes

#### PACTOS

Primeiro.- A ASOCIACION DE AXUDA AO ENFERMO MENTAL (DOA) comprométese a realizar e xustificar a realización do programa de actividades para o ano 2014, que figura na documentación do expediente administrativo núm. 11416/101, sen prexuízo de que se poidan producir modificacións nas actividades previstos pola asociación no seu programa, pero aínda non contratados, que poderán ser substituídos por outros.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa ASOCIACION DE AXUDA AO ENFERMO MENTAL (DOA) na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos sociais na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da ASOCIACION DE AXUDA AO ENFERMO MENTAL (DOA) (revista, web, etc).

3º.- Conceder á ASOCIACION DE AXUDA AO ENFERMO MENTAL (DOA) unha subvención por importe de 7.290 € con cargo á aplicación orzamentaria 912.0.480.00.00 "Asociación de Axuda ao Enfermo Mental" mediante transferencia bancaria á Conta Corrente facilitada pola entidade e previa fiscalización da intervención do Concello de Vigo, do orzamento en vigor, co obxecto de coadxuvar á financiación das actividades vinculadas coa súa programación social no ano 2014.

A entrega da subvención á ASOCIACION DE AXUDA AO ENFERMO MENTAL (DOA) realizarase contra a presentación da memoria xustificativa e de avaliación da programación correspondente as actividades realizadas no ano 2014, acompañadas dos xustificantes dos pagos realizados, antes do día 20 de decembro de 2014.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

*En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.*

Cuarto.- *Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.*

*A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.*

Quinto.- *A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada,*

Sexto.- *A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión da imaxe institucional do Concello de Vigo en todas as actuacións publicitarias e de difusión que se realicen nas actividades da beneficiaria, debendo aparecer nestas có seu logotipo ou anagrama en calidade de colaborador de todas as actividades realizadas por esta sociedade no ano 2014.*

*A ASOCIACION DE AXUDA AO ENFERMO MENTAL (DOA) achegará probas deste material para conformidade do Concello de Vigo e o do seu logotipo.*

Sétimo.- *A beneficiaria, antes do día 18 de decembro de 2014, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A xustificación deberá facerse con documentos orixinais ( que deberán recoller o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE) pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de .....euros. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo, neste sentido non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD 1619/2012 de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais. Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que estea exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos relacionados directamente ó obxecto do presente convenio.*

*A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.*

*Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención.*

*A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.*

Oitavo.- *Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor*

*por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.*

*Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no ano 2014.*

*Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademáis, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.*

*A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.*

*Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Alcaldía, que emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.*

*Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Alcaldía e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

*Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.*

*Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

*Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.*

*Décimo cuarto.- Os datos persoais da solicitante y o do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención, obxecto deste convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia e demais normativa de aplicación, en orden á conclusión do proceso subvencional, por lo que a súa achega é obrigatoria.*

*Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter*

*Persoal e Real Decreto 1720/2007, de desenvolvemento da LOPD, sendo responsable do seu tratamento o Concello de Vigo, como administración concedente da subvención.*

*En todo caso, o Concello de Vigo non aplicará ou utilizará con outra finalidade os datos, nin tampouco os comunicará en ningún caso a outras persoas ou entidades, salvo excepcións legais o por mandato do titular da información.*

*O Concello de Vigo comprométese a cumprir e facer cumprir o deber de secreto profesional y de confidencialidade que abarcará calquera información ou dato que puidese coñecer, con ocasión da xestión desta subvención, en especial aos de carácter persoal, de acordo co establecido no artigo 10 de la Lei Orgánica de Protección de Datos de Carácter Persoal.*

*A beneficiaria e, no seu caso, os seus representantes, poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Concello de Vigo, nos términos previstos na citada Lei 15/1999.*

*Décimo quinto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de 2014.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **3(1393).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS DO CIIES (CENTRO INTEGRAL DE INCLUSIÓN E EMERXENCIA SOCIAL), POLO PERÍODO DUN ANO. EXPTE. 100909/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 20.11.14, das e conta do informe-proposta do asesor xurídico adxunto á Xefatura de Benestar Social, do 24.11.14, conformado pola xefa do Servizo e o xefe de Área de Benestar Social, e pola concelleira delegada da Área de Política de Benestar, que di o seguinte:

#### **I. ANTECEDENTES**

*I.1. A Xunta de Goberno Local (XGL) acordou en sesión do 30.11.2011 aprobar a proposta de cesión temporal ó Concello de Vigo dos bens patrimoniais da «Fundación Casa del Pescador – Institución Valeriola», ofrecida no documento asinado polo Presidente do Padroado desa Fundación no que se daba conta do acordo adoptado en tal sentido o 17.11.2011 e das condicións particulares que rexerían a mesma, que alí se describían polo miúdo e que foron puntualmente cumpridas por esta Administración.*



*I.2. De acordo cos termos daquel acordo do Padroado, esa cesión de uso ó Concello de Vigo das instalacións da “Casa do Pescador” efectuouse por un prazo de dous (2) anos, prorrogables tacitamente de non mediar denuncia por calquera das partes con seis (6) meses de antelación. Con todo, e a pedimento formal do Concello, o Padroado da Fundación acordou, na súa reunión do 16.10.2013, ampliar a cesión inicial por un periodo de cinco (5) anos máis, prorrogable por periodos iguais, contado desde o 01.01.2014.*

*Consta no expediente nº 69737/301 oficio do Comandante Naval e Presidente do Padroado de data 31.01.2014 (Rexistro xeral do 05.02.2014; doc. nº 140015159) polo que dá traslado a esta Administración de copia da acta daquela reunión e do certificado do acordo adoptado sobre este particular, que foi aceptado nos seus propios termos pola XGL o 21.02.2014.*

*Así, pois, está garantido durante toda a vixencia deste contrato o uso a favor do Concello de Vigo das instalacións da “Casa do Pescador” da rúa Marqués de Valterra nº 6, no que se ubica o Albergue municipal – CIIES, nos termos acordados polo Padroado da «Fundación Casa del Pescador – Institución Valeriola», aceptados polo Concello. O que se fai constar para dar cumprimento ó sinalado sobre o particular no informe da Intervención xeral municipal do 27.06.2012 (Exp. nº 71394/301).*

*I.3. O Concello de Vigo asumiu directamente a xestión desas instalacións desde a sinatura da Acta de recepción e a XGL, na súa sesión ordinaria do 02.11.2012, acordou adxudicar á entidade “Atención Social en Emergencias Grupo 5, S.L.” o contrato de servizos do Albergue – CIIES, por un prezo de 1.302.968,65 € (IVE incl.) e coas prestacións adicionais que no mesmo se relacionaban (Exp. nº 71394/301; BOP nº 37, do 21.02.2013).*

*I.4. O correspondente documento contractual foi asinado entre as partes o 28.11.2012, prestando o contratista a súa aceptación expresa ós Pregos de prescricións técnicas (PPT) e cláusulas administrativas (PCAP) que rexeron o procedemento.*

*I.5. Tanto no contrato (cláusula 4) como no PCAP (cláusula 7 e Apdo. 4.c] FEC) prevese a posibilidade de prorrogar, mediante acordo expreso da XGL, o seu prazo de execución inicial, que é de 2 anos, mediante dúas prórrogas dun ano cada unha, sempre que o contratista non se opuxese á mesma coa antelación estipulada: 5 meses antes da data de vecemento do contrato ou de calquera das súas prórrogas.*

*I.6. A data efectiva de inicio deste contrato fixouse no 01.12.2014 (cláusula 4), polo que o acordo municipal de prórroga deberá producirse necesariamente antes desa data, dado que xuridicamente non resulta posible prorrogar un contrato xa finalizado.*

*I.7. Tramítase o expediente administrativo co nº 100909/301 (2014) do Servizo de Benestar Social e consta nel a seguinte documentación:*

- Resolución da Concelleira delegada da Área de Política de Benestar do 26.09.2014, ordeando a incoación de expediente administrativo.*
- Copia do contrato formalizado entre o Concello de Vigo e a mercantil “ASEM Grupo 5, S.L.” e do Prego de cláusulas administrativas particulares.*
- Escrito presentado no Rexistro xeral municipal o 03.10.2014 (doc. nº 140118579) polo representante de “ASEM Grupo 5, S.L.”, D. Tomás Merín Cañada, manifestando a súa conformidade coa prórroga proposta.*

I.8. En paralelo, tramitouse polo Servizo de Benestar social, no Exp. nº 101052/301, a revisión de prezos deste contrato por efecto da variación do IPC no período novembro 2012 – novembro 2013, que foi aprobada na sesión ordinaria da XGL do 17.10.2014. O importe total revisado do contrato que servirá como base para esta prórroga ascende a 664.676,89 €/ano.

## II. NORMATIVA EXAMINADA

- CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
- EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- ROF (RD.2586/1986, do 28 de novembro, Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime xurídico das Entidades locais).
- LRX-PAC (L.30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico da Admóns. públicas e do Procedemento administrativo común).
- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).
- TRRL (RDLex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- TRLCSP (RDLex.3/2011, do 14 de novembro, Texto refundido da Lei de Contratos do Sector público).
- RXC (RD.1098/2001, do 12 de outubro, Regulamento xeral da Lei de contratos das Admóns. Públicas), no que non se opoña á LCSP.
- RD.817/2009, do 8 de maio, Regulamento de desenvolvemento parcial da LCSP.
- TRLRFL (RDLex.2/2004, do 5 de marzo, Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais).
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- Regulamento de Réxime interior do Centro Integral de Inclusión e Emerxencia Social (CIIES) do Concello de Vigo (AI e AD, Pleno 05.08.2013; BOP nº 228, do 27.11.2013).
- Bases de execución do Orzamento xeral 2014 – Concello de Vigo.

## III. INFORME

Emítase este informe de acordo co disposto no Art. 175 do ROF, segundo o que os informes para resolver os expedientes redactaranse en forma de proposta de resolución e conterán unha enumeración clara e sucinta dos feitos, as disposicións legais aplicables e alegación razonada da doutrina e os pronunciamentos que debe conter a parte dispositiva.

### III.1. COMPETENCIAS MUNICIPAIS EN MATERIA DE SERVIZOS SOCIAIS: XUSTIFICACIÓN

III.1.1. De acordo coa nova redacción do Art. 25.1 da LRBRL, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: «avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a personas en situación ou risco de exclusión social»; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e] e 26.1.c] LRBRL).

III.1.2. A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social» residénciase agora na Admón. autonómica, que deberá asumila a 31.12.2015, nos termos previstos nas normas reguladoras do sistema de financiamento autonómico e das Facendas locais e previa elaboración dun plan para a avaliación, reestruturación e implantación dos servizos (Disp. Transit. 2ª), sen prexuízo da súa eventual delegación nos municipios (Art. 27 LRBRL).

Se na data indicada a Comunidade Autónoma non tivese asumido o desenvolvemento dos servizos da súa competencia ou, de ser o caso, non acordase a súa delegación, seguirán prestándose polo municipio pero a cargo da CA e, se esta non transferise as contías precisas, aplicaránse as retencións nas transferencias que lle correspondan por aplicación do seu sistema de financiamento.

III.1.3. Sen prexuízo do anterior, e polo menos ata o 31.12.2015, os municipios deberán continuar prestando os mesmos servizos sociais e de promoción e reinserción social que antes da entrada en vigor da LRSAL. Con posterioridade a esa data poderían tamén prestar aqueles servizos sociais non englobados dentro do impreciso título de «avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social», ben asumindo por delegación da Comunidade Autónoma a competencia en materia de servizos sociais, promoción e reinserción social (Art. 27.3.c] LRBRL e Disp. Transit. 2ª, apdo. 4, LRSAL), coas garantías implícitas agora en toda delegación desta natureza (financiamento, duración, cláusula de garantía de pagamento no exercicio das competencias delegadas ex Art. 57 bis LRBRL, etc.) ou ben exercéndoas como competencia distinta das propias e das delegadas previo cumprimento dos requisitos establecidos no novo Art. 7.4 da LRBRL.

III.1.4. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que “non se entenderá como exercicio de novas competencias”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

### III.2. PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS DO CIIES: XUSTIFICACIÓN

III.2.1. Con carácter xeral para todos os contratos, o Art. 23 do TRLCSP, de carácter básico, preceptúa que a duración dos contratos do sector público establecerase tendo en conta a natureza das prestacións, as características do financiamento e a necesidade de someter periodicamente a concorrência a realización daquelas.

O contrato poderá prever unha ou varias prórrogas, sempre que as súas características permanezan inalterables e que a concorrência para a súa adxudicación teña sido realizada tendo

en conta a duración máxima do contrato, incluídas as prórrogas. Para tal efecto, o número máximo de prórrogas deberá figurar nos Pregos, como así sucede neste contrato.

A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, a non ser que o contrato expresamente prevese o contrario, sen que poida producirse polo simple consentimento tácito das partes.

III.2.2. Especificamente, sobre a duración dos contratos de servizos, prescribe o Art. 303.1 do TRLCSP que estes non poderán ter un prazo de vixencia superior a catro (4) anos, coas condicións e límites establecidos nas respectivas normas orzamentarias das Administracións públicas, aínda que poderá preverse no mesmo contrato a súa prórroga por mútuo acordo das partes antes da finalización daquel, sempre que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, non exceda de seis (6) anos, e que as prórrogas non superen, aillada ou conxuntamente, o prazo fixado orixinariamente.

III.2.3. O contrato formalizado con "ASEM Grupo 5, S.L." é un contrato administrativo de servizos (Arts. 10, 19, 301 e ss. e Anexo II TRLCSP) adxudicado mediante procedemento aberto e por un prazo inicial de dous (2) anos desde a súa data de inicio (01.12.2012). Como xa se indicou antes, está expresamente prevista a posibilidade de ampliar a súa duración mediante dúas (2) prórrogas dun (1) ano cada unha.

III.2.4. Tanto a Xefatura do Servizo de Benestar social, que é a quen lle corresponde a dirección técnica do CIIES (Art. 8 Regulamento CIIES), como a Xefatura desta Área e a Concelleira de Política de Benestar, consideran conveniente autorizar a prórroga por un (1) ano máis deste contrato, estimando correcta e satisfactoria ata o de agora a execución das prestacións pactadas co contratista e valorando tanto a imposibilidade de asumila con medios propios como a necesidade de garantir a continuidade dos programas e servizos sociais que no CIIES estanse a prestar ás persoas en situación ou risco de exclusión social.

II.2.5. A prórroga que aquí se propón realizaríase nas mesmas condicións inicialmente convidadas entre as partes (incluída a fórmula de revisión de prezos), sen variación ningunha a respecto das prestacións estipuladas no contrato orixinal suscrito o 28.11.2012, que non foi obxecto de modificación desde a súa adxudicación.

Tampouco non será necesario neste caso reaxustar a garantía prestada pois a única variación do prezo prevista será a derivada da aplicación da fórmula de revisión de prezos (cláusula 29 PCAP e 3.J FEC), que non ten a consideración nin, polo tanto, os efectos dunha verdadeira modificación do prezo contrato (Arts. 99.3 e ccdtes. TRLCSP).

III.2.6. O gasto representado por esta prórroga, que é de 664.676,89 €, incluída xa a revisión do IPC, podería imputarse (agás indicación noutro sentido da Intervención xeral) á aplicación nº 2310.227.99.13 dos vixentes orzamentos municipais.

III.2.7. Antes da súa aprobación polo órgano de contratación (XGL), deberá recabarse e achegarse ó expediente o preceptivo informe de fiscalización da Intervención xeral municipal, como resulta dos Arts. 214 do TRLRFL, 109.3 e DA 2ª apdo. 8º do TRLCSP e ccdtes., xustificando a existencia de crédito adecuado e suficiente para facer fronte ó custo representado por esta prórroga.

III.2.8. A competencia para aprobar a prórroga do contrato correspóndelle á Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación que é (Art. 127 LRBRL e DA 2ª TRLCSP).

#### IV. CONCLUSIONES

Resulta axustada a Dereito a proposta de prorrogar por un (1) ano máis o contrato celebrado o 28.11.2012 polo Concello de Vigo coa entidade "Atención Social en Emergencias Grupo 5, S.L.", toda vez que:

- a) Tanto a posibilidade de prorrogar o contrato como o número máximo de prórrogas admisibles están expresamente previstas no TRLCSP, no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares.
- b) A concorrencia para a súa adxudicación foi realizada tendo en conta xa a duración máxima do contrato, incluídas as prórrogas.
- c) As características do contrato de servizos formalizado para a execución de determinados programas e servizos no CIIES permanecerán inalterables.
- d) Constan, como fundamentación, as causas técnicas que xustifican esta primeira prórroga proposta.
- e) Consta a aceptación formal do contratista.
- f) Existiría crédito orzamentario para facer fronte ó gasto, a reserva do que sobre este extremo deba informar a Intervención xeral municipal.

#### V. PROPOSTA DE ACORDO

Visto o que antecede e a normativa aplicable, propónse á XGL do Concello de Vigo a adopción do seguinte «ACORDO

*PRIMEIRO.- Prorrogar de forma expresa por un período dun (1) ano, desde o 01/12/2014 ata o 30/11/2015, o contrato de servizos do "Centro Integral de Inclusión e Emerxencia Social" (CIIES) do Concello de Vigo adxudicado pola Xunta de Goberno Local do 02.11.2012 á entidade "Atención Social en Emergencias Grupo 5, S.L." (CIF nº B-85595239), formalizado en documento administrativo o 28.11.2012, de conformidade co previsto no Art. 303.1 do TRLCSP e nas cláusulas 4 do contrato e 7 e Apdo. 4.c] FEC do Prego de cláusulas administrativas particulares, e facendo constar que as melloras ofertadas pola empresa adxudicataria, enumeradas no contrato, seguen a operar no período da prórroga.*

*SEGUNDO.- Aprobar o gasto de 664.676,89 € que representa esta primeira prórroga anual a favor de "Atención Social en Emergencias Grupo 5, S.L.", que poderá imputarse á aplicación orzamentaria nº 2310.227.99.13, correspondendo 55.389,74 € ó exercicio de 2014 e 609.287,14 € ó de 2015.*

*TERCEIRO.- Notificar este acordo ó contratista, con indicación de que contra él caberá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 116 - 117 da Lei 30/92 e 8, 25, 46 e ccetes. da Lei 29/98)».*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**4(1394).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MEDIACIÓN E ASESORAMENTO EN MATERIA DE SEGUROS PRIVADOS Ó CONCELLO DE VIGO E OS SEUS ORGANISMOS AUTÓNOMOS. EXPTE. 4812/241.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 19.11.14, dáse conta do informe-proposta do 21.10.14, asinado polo secretario da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

*A Mesa de Contratación celebrada o 21 de outubro de 2014, entre outros, acordou:*

*7.- Proposta de adxudicación*

*a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mediación e asesoramento en materia de seguros privados ó concello de Vigo e os seus organismos autónomos (expediente 4812-241). Presentación declaración persoal discapacitado.*

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).*
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).*
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Legislativo 3/2011.*
- Prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento aberto para a contratación do servizo de mediación e asesoramento en materia de seguros privados ó concello de Vigo e os seus organismos autónomos .*

ANTECEDENTES

*Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 12 de setembro de 2014, adoptou o seguinte acordo:*

**3.- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS NO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MEDIACIÓN E ASESORAMENTO EN MATERIA DE SEGUROS PRIVADOS Ó CONCELLO DE VIGO E ÓS SEUS ORGANISMOS AUTÓNOMOS. EXPTE. 4812/241.**

*Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta do 02/09/14, da secretaria da Mesa de Contratación que di o seguinte:*

*“Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación celebradas os días 30-07-2014, 05-08-2014, 07-08-2014, 12-08-2014 e 02-09-2014, por unanimidade dos asistentes, se propón á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2º TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:*

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento aberto para a contratación do servizo de mediación e asesoramento en materia de seguros privados ó concello de Vigo e os seus organismos autónomos (expediente 4812-241), no seguinte orde decrecente:*

LICITADORES	COMISIÓN CORRETAXE
GESTORES TÉCNICOS ASEGURADORES, S.A.	0,00%
WILLIS S&C C CORREDURIA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A.U	0,00%
ARTAI CORREDURIA DE SEGUROS, S.A.	0,00%
AON GIL Y CARVAJAL CORREDURIA DE SEGUROS, S.A.	1,50%
CAMPOS RIAL CORREDURA SEGUROS, S.A.	2,50%
SOCIEDAD UNIPERSONAL UNITECO PROFESIONAL, S.L.	3,00%

*Os licitadores empatados a cero teñen a seguinte porcentaxe de traballadores discapacitados de carácter fixo na súa plantilla:*

- *GESTORES TÉCNICOS ASEGURADORES, S.A.: 60%*
- *WILLIS S&C C CORREDURIA DE SEGUROS Y REASEGUROS,  
S.A.U: 8,52%*
- *ARTAI CORREDURIA DE SEGUROS, S.A.: 0%*

*Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, GESTORES TÉCNICOS ASEGURADORES, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

*-Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*

*-Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*

*-A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares para acreditar a personalidade xurídica, a representación, a solvencia económica e técnica, a habilitación profesional e os medios persoais a adscribir á execución do contrato.*

*-Os contratos de traballo e documentos de cotización á seguridade social dos traballadores discapacitados*

*-Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Terceiro.- Requirit ao citado licitador o aboamento de 647,98 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.*

*Segundo.- Este acordo foi notificado ó licitador clasificado en primeiro lugar o día 16 de setembro de 2014, que presenta a documentación requirida en data 26 de setembro de 2014, dentro do prazo sinalado.*

*Terceiro.- A mesa de contratación, na súa sesión de data 30 de setembro, acorda requirirle ó licitador que complete a documentación presentada coa seguinte :*

*– Certificado de non ter débedas de carácter tributario coa Xunta de Galicia.*

*– Nomeamento do delegado.*

*– Acreditación documental da porcentaxe de persoal discapacitado respecto do persoal fixo .*

*Cuarto.- GESTORES TÉCNICOS ASEGURADORES, S.A.. en data 17 de outubro de 2014 presenta a documentación, completa .*

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

*Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).*

*Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.*

*Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).*

*Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.*

En mérito ó que antecede, SE PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a GESTORES TÉCNICOS ASEGURADORES, S.A. o procedemento aberto para a contratación do servizo de mediación e asesoramento en materia de seguros privados ó concello de Vigo e os seus organismos autónomos (expediente 4812-241) cunha porcentaxe de corretaxe anual sobre as primas nestas das pólizas de seguros que contrate o Concello de Vigo do 0 %. Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”*

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **5(1395).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS:**

A) LAPPSET ESPAÑA VR. S.L. EXPTE. 5021/241.

Visto o informe de fiscalización do 21.11.14, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Contratación, do 25.11.14, que di o seguinte:

*Examinado o expediente promovido por LAPPSET ESPAÑA VR, S.L. no que se solicita a devolución da fianza de 916,58 euros constituída para responder de subministración de lote VI de xogos biosaudables, zona O Castro, e cumpridos os requisitos esixidos na lexislación vixente, propónse á XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte acordo:*

*“Devolver a LAPPSET ESPAÑA VR, S.L. a fianza de 916,58 euros constituída para responder de subministración de lote VI de xogos biosaudables, zona O Castro, xa que foi recibida conforme á condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer-lo prazo de garantía.”*

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



**B) ESMUVIGO SCG. EXPTE. 5031/241.**

Visto o informe de fiscalización do 20.11.14, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Contratación, do 21.11.14, que di o seguinte:

*Examinado o expediente promovido por ESMUVIGO, SCG no que se solicita a devolución da fianza de 19.700 euros, constituída para responder da xestión da Escola Municipal de Música con data 18 de xuño de 2014, toda vez que posteriormente foi substituída por outra do mesmo importe e concepto. Visto o informe emitido pola oficina de Intervención, proponse á XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte acordo:*

*“Devolver a ESMUVIGO, SCG a garantía por importe de 19.700 euros, constituída para responder da xestión da Escola Municipal de Música, segundo mandamento de ingreso nº 201400037016, de data 18 de xuño de 2014, toda vez que foi substituída por outra do mesmo importe e concepto con data 7 de novembro actual.”*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**C) EULEN SEGURIDAD, S.A. EXPTE. 102149/301.**

Visto o informe de fiscalización do 20.11.14, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Contratación, do 21.11.14, que di o seguinte:

*Examinado o expediente promovido por EULEN SEGURIDAD, S.A. no que se solicita a devolución da fianza de 5.340 euros constituída para responder da prestación do servizo de seguridade e vixancia das instalacións do CEDRO, UBAS Quintela, Rivera Atienza, Teis e Casco Vello, e cumpridos os requisitos esixidos na lexislación vixente, proponse á XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte acordo:*

*“Devolver a EULEN SEGURIDAD, S.A. a fianza de 5.340 euros constituída para responder da prestación do servizo de seguridade e vixancia das instalacións do CEDRO, UBAS Quintela, Rivera Atienza, Teis e Casco Vello, xa que foi executado conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer-lo prazo de garantía.”*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**6(1396).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DE CULTURA E BIBLIOTECAS DURANTE O MES DE OUTUBRO 2014. EXPTE. 14806/331.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe do 21/11, do xefe de Cultura e Bibliotecas, conformado polo xefe de Promoción Cultural e polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

En cumprimento coa base 31 das de execución do orzamento, e do acordo da Xunta de Goberno Local de data 16 de xuño de 2008, o concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos, Cayetano Rodríguez Escudero, dá conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de gastos menor tramitados polo servizo de Cultura e Bibliotecas no mes de outubro de 2014, e que son os que deseguido se relacionan:

<b>Nº EXP.</b>	<b>CONCEPTO</b>	<b>PERCEPTOR</b>	<b>CIF/NIF</b>	<b>IMPORTE</b>
14754/331	Producción técnica Vigocultura mes de outubro	PRODUCCION E XESTION CULTURAL S.L.	B36743755	5.763,07 €
14763/331	Gastos de mensaxería mes de setembro	REPARTO Y GESTIÓN URGENTE	B36821494	4,60 €
14765/331	Corrección de erros paneis Biblioteca Neira Vilas	SUMINISTROS TÉCNICOS DE GALICIA S.L.	B15213911	129,03 €
14772/331	Servizo de produción técnica integral das XXII Xornadas de Filosofía	GRUPO ALETHEIA	G36659258	8.000,00 €
14773/331	Producción técnica Vigocultura novembro-décembro	PRODUCCION E XESTION CULTURAL S.L.	B36743755	5.039,86 €
14775/331	Distintas subministracións para mantementos e reparacións dependencias culturais	JOSÉ MANUEL MUIÑOS RODRÍGUEZ	36130547P	1.031,62 €
14776/331	Reinstalación placa bronce en monumento	JOSÉ MANUEL MUIÑOS RODRÍGUEZ	36130547P	34,61 €
14777/331	Distintas reparacións na Biblioteca Juan Compañel	JOSÉ MANUEL MUIÑOS RODRÍGUEZ	36130547P	2.316,37 €
14783/331	Material oficina uso específico cultura	CARLINGAL S.L.	B32170961	375,21 €

A Xunta de Goberno Local queda informada.

**7(1397).- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN A FAVOR DE SINSAL AUDIO S.L. PARA O FINANCIAMENTO DO “FESTIVAL SINSAL 12”. EXPTE. 14787/331.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 10.11.14, o informe de fiscalización do 20.11.14, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, do 7.11.14, conformado polo concelleiro delegado da Área de Cultura, Festas e Museos e pola concelleira-delegada da Área de Economía e Facenda, que di o seguinte:

Con data 5 de novembro de 2014, o concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Política do Benestar, D. Cayetano Rodríguez Escudero resolveu que polo servizo de Cultura se inicie o expediente de subvención do Concello de Vigo a empresa SINSALAUDIO, SL, para a organización e realización do "Festival Sinsal 12", e realizar un convenio con esta entidade para regulala.

#### ANTECEDENTES.-

Que Sinsalaudio, SL, tal e como establecen os seus estatutos, é unha sociedade cuxo obxecto social o constitúe a edición e venda de discos e materiais fonográficos e a promoción de eventos culturais, así como a produción, organización, xestión e administración de eventos, festivais e espectáculos culturais e recreativos, tanto públicos como privados, mediante a utilización de recursos propios ou alleos, entre outros relacionados.

Que Sinsalaudio, SL, ven desenvolvendo un labor de continuidade no ámbito da promoción e difusión da música, promovendo desde o ano 2003 o Festival Sinsal, con programación de carácter didáctico e dando a coñecer músicas menos frecuentes nos circuitos maioritarios, primando a calidade das propostas e contando con artistas de primeira orde do ámbito nacional e internacional; e que en aras dunha maior eficacia considera que a cooperación en programas culturais beneficia ao mundo da cultura galega.

Programación de actividades:

##### Accións na cámara anecoica:

-Viernes 3 de octubre, de 9.30 a 13.30. Best Boy trío de soul-rock

-Viernes 31 de octubre, de 15.00 a 17.30. Caxade cuarteto de folk-pop

-Viernes 5 de diciembre, de 9.30 a 13.30. Ulobit, trío de electrónica-contemporánea.

##### Concertos:

- 6 de Decembro – Sandra Koldstad (Noruega/Alemania) + Half Japanese (EEUU) – Sala de conferencias MARCO, 20:30 y Pere Ubu (EEUU)– Sala Master, 23:30 horas.

A memoria económica que se achega ao presente convenio, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do convenio polo importe total de 22.910,53€ (vintedous mil novecentos dez euros con cincuenta e tres céntimos), financiándose os mesmos mediante as achegas de 10.000 € do Concello de Vigo ( 43,65 %), de 8.533,53€ por billeteira ( 37,25 %) e MARCO 2.420 € ( 10,56 %) e Sinsalaudio 1.957,00 ( 8,54 %).

#### DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Proxecto da actividade
- NIF do Presidente
- CIF da Asociación
- Estatutos da Asociación
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Xustificante de solicitude de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Certificación da axencia tributaria da exención do IVE
- Declaración doutras axudas.
- Escrito de conformidade ao texto do convenio.
- Cronograma actualizado.

- Escrito de data 5 novembro de 2014 e remitido por SINSALAUDIO, SL, de aceptación do texto do convenio de colaboración relativo á “Festival Sinsal 12” proposto polo Concello de Vigo.

#### LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A acción pública de fomento no ámbito da cultura para actividades de interese público e como medida para favorecer a participación cidadá, adicada no presente caso á promoción das artes escénicas musicais promovidas pola entidade Asociación Cultural Orquestra Vigo 430 se encuadra dentro das competencias municipais propias que por razón de materia ven determinada no art. 7 e 25.m da LRBRL, conforme nova redacción dada pola Lei 5/2014, de 17 de maio, de medidas urxentes, en aplicación da Lei 27/2013 LRSAL.

A concesión subvención que outorgue o Concello de Vigo a SINSALAUDIO, SL, para a organización do programa “Festival Sinsal, SL,” obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa a SINSALAUDIO, SL, deberá axustarse ao previsto no art.22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no presuposto do Concello de Vigo de 2014, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade ca actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza ca oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrència para o seu otorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

#### ÓRGANO DE RESOLUCIÓN.-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

#### FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo a SINSAL AUDIO, SL, ten como obxecto financiar a organización do SINSAL AUDIO, SL, e figura na partida 3340.470.00.02 “CONVENIO SINSAL AUDIO FESTIV. SINSAL”, a concesión dunha subvención nominativa por importe de 10 000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo a SINSAL AUDIO, SL, é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

#### CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN Á SINSAL AUDIO, SL.

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos e, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

“PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 10 000€ (dez mil euros) á SINSAL AUDIO, SL, CIF. B36898369, para o financiamento do “Festival Sinsal 12”, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á partida partida 3340.470.00.02 “CONVENIO SINSAL AUDIO FESTIV. SINSAL”, que figura no presuposto do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e SINSAL AUDIO, SL, que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do programa “Festival Sinsal 12”.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E SINSALAUDIO, SL, RELATIVO Á APORTACIÓN DO CONCELLO PARA A ORGANIZACIÓN DO “ FESTIVAL SINSAL 12”**

En Vigo, 00 de novembro de dous mil catorce

#### **REÚNENSE**

A Concellería de Cultura, Festas e Museos (en adiante Concellería), e no seu nome e representación, D. Cayetano Rodríguez Escudero, en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos do Concello de Vigo (CIF P3605700H), para o que foi nomeado polo decreto de delegación da Alcaldía de data 29 de xullo de 2014 e acordo da Xunta de Goberno Local de 30 de xullo de 2014; con enderezo na Praza do Rei nº 1, CP 36202; no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo,

Doutra, D. Luis Campos Alonso, en calidade de Administrador da sociedade Sinsalaudio, SL, con NIF B36898369, actuando en nome e representación da devandita entidade, e con enderezo na rúa Estrada, nº 6, 1ºD, CP 36209, da cidade de Vigo, en adiante a EMPRESA.

Ámbalas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

#### **MANIFESTAN**

**PRIMEIRO.-**

Que a Concellería de Cultura, Festas e Museos, órgano da Administración do Concello de Vigo ao que lle corresponde as competencias en materia de promoción da cultura, considera que o interese público, social e cultural o Festival Sinsal complementa á programación cultural propia do Concello de Vigo e contribúe a dotar a cidade dunha programación musical estable; posibilitando unha maior proxección exterior da cidade e a súa actividade cultural no conxunto do Estado e norte de Portugal

*SEGUNDO.- De acordo coa planificación e execución programática realizada pola Concellería para o 2014, e dada a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterios obxetivos, non é posible promover a concorrencia, polas especiais características da entidade coa que se convenia.*

*A tal fin, e en función desta singularidade, o Concello de Vigo prevé no seu vixente orzamento, na partida 3340.470.00.02 "CONVENIO SINSALAUDIO FESTIV.SINSAL", a concesión dunha subvención nominativa por importe de 10.000 €, a favor da devandita entidade, a cal foi aprobada por acordo da XGL de 00 de \_\_\_\_ de 2014.*

*TERCEIRO.- Que Sinsal Audio, tal e como establecen os seus estatutos, é unha sociedade cuxo obxecto social o constitúe a edición e venda de discos e materiais fonográficos e a promoción de eventos culturais, así como a produción, organización, xestión e administración de eventos, festivais e espectáculos culturais e recreativos, tanto públicos como privados, mediante a utilización de recursos propios ou alleos, entre outros relacionados.*

*CUARTO.- Que Sinsal Audio ven desenvolvendo un labor de continuidade no ámbito da promoción e difusión da música, promovendo desde o ano 2003 o Festival Sinsal, con programación de carácter didáctico e dando a coñecer músicas menos frecuentes nos circuitos maioritarios, primando a calidade das propostas e contando con artistas de primeira orde do ámbito nacional e internacional; e que en aras dunha maior eficacia considera que a cooperación en programas culturais beneficia ao mundo da cultura galega.*

*QUINTO.- Que a EMPRESA reúne a condición de beneficiario da subvención de acordo cos requisitos establecidos no art. 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e declara non estar incurso nas prohibicións ou circunstancias previstas no apartado 2 e 3 do citado artigo. Ae mesmo ten achegado a documentación que acredita que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segunda resulta das declaracións responsables e certificacións positivas que figuran no expediente.*

*SEXTO.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente no orzamento da Administración concedente, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da concesión da subvención, que ten como obxecto a organización do do devandito programa.*

*De conformidade ás precedentes consideracións e dado o interese común das partes asinantes nas que as dúas teñen intereses coincidentes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes*

## CLÁUSULAS

### *PRIMEIRA.- OBXECTO.*

*A través do presente convenio establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Concellería e a EMPRESA para desenvolver o programa de actividades do "Festival Sinsal 12" que se detalla na documentación aportada pola entidade no presente expediente de aprobación do convenio.*

### *SEGUNDA.- PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO.*

*A memoria económica que se achega ao presente convenio, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do convenio polo importe total de 22.910,53€ (vintedous mil nove-*

centos dez euros con cincoenta e tres céntimos), financiándose os mesmos mediante as achegas de 10.000 € do Concello de Vigo ( 43,65 %), de 8.533,53€ por billeteira ( 37,25 %) e MARCO 2.420 € ( 10,56 %) e Sinsalaudio 1.957,00 ( 8,54 %).

#### TERCEIRA.- DATAS E LUGARES.

Programación de actividades:

##### Accións na cámara anecoica:

-Viernes 3 de octubre, de 9.30 a 13.30. Best Boy trío de soul-rock

-Viernes 31 de octubre, de 15.00 a 17.30. Caxade cuarteto de folk-pop

-Viernes 5 de diciembre, de 9.30 a 13.30. Ulobit, trío de electrónica-contemporánea.

##### Concertos:

- 6 de Decembro – Sandra Koldstad (Noruega/Alemania) + Half Japanese (EEUU) – Sala de conferencias MARCO, 20:30 y Pere Ubu (EEUU)– Sala Master, 23:30 horas.

#### CUARTA.- OBRIGAS DA EMPRESA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA.

1. Todas as actividades, serán organizadas por un equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola EMPRESA, baixo as ordenes de D. Luis Campos Alonso que actuará como interlocutor fronte á Concellería.
2. A tal fin a EMPRESA designará ao persoal máis axeitado para a conformación do equipo que realizará os diferentes programas, en colaboración coas distintas áreas que conforman as actividades.
3. Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de sé lo caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude, de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
4. Cumprir o programa obxecto da subvención de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos, (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de selo caso, e demais infraestrutura necesaria para o desenvolvemento efectivo da actividade).
5. Cumprir cas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
6. Incorporar os anagramas-logotipos do CONCELLO na forma que se detalla na cláusula sétima e comunicar as acción de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.
7. Estar en comunicación permanente cos responsables de mantemento da páxina web da Concellería de Cultura e Festas facilitándolle a información necesaria para a difusión do programa programa a través da páxina Vigocultura.org.
8. A EMPRESA comunicará ao CONCELLO as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen a financiación, no momento en que teña constancia da súa disponibilidad ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

9. *A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).*
10. *A concesión da subvención á EMPRESA implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.*

**QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA,**

- *Realizar o seguemento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.*
- *Xestionar o pagamento do importe da subvención, tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.*

**SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUEMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA.**

*Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha Comisión Mixta, integrada polos representantes citados de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na quen deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.*

*O centro xestor da subvención á EMPRESA é o servizo de Cultura e Bibliotecas do Concello de Vigo, á quen se informará sobre o desenvolvemento do Programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.*

*O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.*

**SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA.**

*Calquera que sexa o medio de difusión, a EMPRESA adoptará as medidas necesarias para publicar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello ademais das lendas indicadas pola unidade de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa Concellería.*

*Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa Concellería a prelación e características para cada caso.*

*O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado ao servizo de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da EMPRESA, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado dispoñerá dos depósitos legais correspondentes.*



Asemade a EMPRESA entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación desde o departamento de Cultura.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (rol-das de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa Concellería.

A EMPRESA comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que visibilicen a aportación das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A EMPRESA facilitará ao servizo de Cultura, ca antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, 010, Vigocultura, etc.).

#### Lingua de difusión e publicacións:

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa concellería de Cultura para que os elementos sexan subvencionables.

#### **OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN.**

O CONCELLO xestionará o pagamento a EMPRESA polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final ca rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e o conforme da concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada polo presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e custo final.

#### Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención, a través do Rexistro Xeral do Concello de Vigo, no antes do 12 de decembro de 2014.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
  1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
  2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
  3. Memoria de prensa.

4. *Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.*

5. *Reportaxe fotográfica.*

g) *Memoria económica contendo o balance desglosado ca totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acreedores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.*

- *Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.*
- *As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a EMPRESA como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data; CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo; non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir a entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.*

*Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, - agás que xustifique que estea exenta de IVE-.*

*Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; enténdéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.*

*Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante impútase total ou parcialmente a subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.*

#### *Gastos subvencionables:*

*Consideraránse gastos subvencionables, os realizados no período da programación que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os costes indirectos imputables á actividade, os costes de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.*

*En ningún caso os costes de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.*

#### *Importe total de subvencións ou axudas:*

*A subvención do Concello á Empresa é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*

*O Importe das subvencións ou axudas percibidas pola a EMPRESA para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).*

**NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN.**

*A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada polos servizos da Concellería.*

*Os técnicos do servizo de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.*

#### **DÉCIMA.- INFORMACIÓN.**

*A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

#### **DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO.**

*Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.*

*Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

#### **DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓN E SANCIÓN.**

*En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apareazón e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.*

#### **DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSONAL.**

*A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orde á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.*

*Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería.*

*A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de cultura do Concello de Vigo.*

#### **DÉCIMO CUARTA.-DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS:**

*Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da Concellería e da Empresa. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizado nun futuro indistintamente.*

A Concellería resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.  
Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

**DÉCIMO QUINTA: PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA EMPRESA:**

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a EMPRESA, e os profesionais ao seu servizo, que vaian desenvolver as actividades previstas e o CONCELLO, del tal xeito que a esta non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

**DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA.**

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro de 2014, e non será prorrogable.

**DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS.**

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de 5 días.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do CONCELLO, A Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a Concellería queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

**DÉCIMO OITAVA.- LEXISLACIÓN APLICABLE.**

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obirga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

O concelleiro-delegado da Área  
de Cultura, Festas e Museos  
Cayetano Rodríguez Escudero

O administrador de SINSALAUDIO,SL  
Luis Campos Alonso

**ANEXO Iº**  
**ORZAMENTO DA PROGRAMACIÓN "FESTIVAL SINSAL 12" 2014**

Previsión de ingresos	TOTAL	%
-----------------------	-------	---

Concello de Vigo	10.000,00 €	43,65
MARCO	2.420,00 €	10,56
SINSALAUDIO	1.957,00 €	8,54
Entradas (-SGAE)	8.533,53 €	37,25
<b>Total Ingresos</b>	<b>22.910,53 €</b>	<b>100</b>

<b>Previsión de gastos</b>	<b>TOTAL</b>
CACHETS	7.260,00 €
HOTEIS	770,00 €
DIETAS	660,00 €
ADMINISTRATIVOS	726,00 €
PERSOAL TÉCNICO	605,00 €
TRANSPORTES	121,00 €
PRODUCCIÓN TÉCNICA	3.388,00 €
COMUNI.+VIDEO+FOTOS	2.178,00 €
PROMOCIÓN + DISEÑO	1.815,00 €
PRODUCCIÓN ARTÍSTICA	5.387,53 €
<b>TOTAL</b>	<b>22.910,53 €</b>

**8(1398).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA DEFINITIVA A AQUALIA GESTIÓN INTEGRAL DEL AGUA S.A. E IDONEA CYS S.L. (UTE GESTIÓN PISCINAS DE VIGO S.L.) EXPTE. 2999/11.**

Visto o informe de fiscalización do 17.11.14, dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD, do 20.11.14, conformado polo concelleiro delegado de Deportes, que di o seguinte:

*Atendendo a finalización o pasado día 30 de agosto de 2014, do contrato de “Prestación de Servizos en piscinas e ximnasios municipais”, expediente 10959/333, coa empresa UTE Gestión Piscinas de Vigo CIF U- 27.776.046 (Aqualia Gestión integral del agua S.A A26019992 e Idonea CYS S.L B74167552), solicítase pola UTE Gestión Piscinas Vigo, a devolución das fianzas, depositadas na tesourería Municipal, como garantía para o desenvolvemento do contrato, de cada unha das empresas que constituíron a UTE.*

**ANTECEDENTES:**

*As empresas constituíntes da UTE formalizaron a obriga sobre a constitución de garantía definitiva como adxudicatarios do contrato, na Caixa do Concello de Vigo, xa que a pesar de ser un contrato do Instituto Municipal dos Deportes, o PCAP recollía na “cláusula 21” a indicación da constitución da garantía definitiva na Caixa do Concello de Vigo.*

*As garantías depositadas atópanse regularizadas de acordo coa seguinte documentación:*

- *Por parte de Aqualia Gestión integral del agua S.A A26019992; polo importe de 47.621,82 €, na tesourería Municipal con data 03/7/2012 e nº de operación: 20120004298*

- Por parte de Idonea CYS S.L B74167552; polo importe de 47.621,82 €, na tesourería Municipal con data 03/7/2012 e nº de operación: 201200042985.

O servizo foi desenvolvido conforme o previsto no prego de cláusulas administrativas particulares e técnicas, e o contrato foi liquidado coas últimas facturas tramitadas con data 19 de setembro de 2014.

Con data 17 de novembro de 2014 Intervención emite informe conforme non existe inconveniente para que se proceda á devolución das garantías.

Visto o anterior, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Que se proceda a devolución das fianzas depositadas polas empresas que constituíron a UTE Gestión Piscinas de Vigo CIF U- 27.776.046 ( Aqualia Gestión integral del agua S.A. A26019992 e Idonea CYS S.L B74167552) de acordo cos seguintes datos e importes:

- Por parte de Aqualia Gestión integral del agua S.A A26019992; polo importe de 47.621,82 €, na tesourería Municipal con data 03/7/2012 e nº de operación: 20120004298
- Por parte de Idonea CYS S.L B74167552; polo importe de 47.621,82 €, na tesourería Municipal con data 03/7/2012 e nº de operación: 201200042985.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **9(1399).- PAGO DE DIETAS DOS REPRESENTANTES MUNICIPAIS NOS CONSELLOS ESCOLARES- OUTUBRO 2014. EXPTE. 16470/332.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 19/11/14, dáse conta do informe-proposta do 07/11/14, do técnico do servizo de Educación conformado pola concelleira de área e pola de Facenda, que di o seguinte:

*“Consonte co establecido na lexislación educativa vixente, a Lei Orgánica da Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) (BOE nº 295 martes 10/décembro/2013) que modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, recolle no seu artigo 126.1.c) que entre os membros que componen o Consello Escolar estará un Concelleiro/a ou representante do Concello do termo municipal onde esté radicado o centro. Igualmente os Concellos, consonte co establecido no artigo 25.2.n) da Lei 27/2103 teñen como competencia propia e responsabilidade legal a conservación, mantemento e vixianza dos colexios públicos, e a LOMCE tamén establece no seu artigo 80 entre as competencias do Consello Escolar de Centro a “promoción da conservación e renovación das instalacións escolares”.*

*En aras de cumprir esta obriga municipal e segundo acordo da Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 31 de xaneiro de 2014, aprobouse entre outros, o nomeamento de persoal adscrito ao Servizo de Educación do Concello de Vigo, como Representantes Municipais nos Consellos Escolares dos Centros de Ensino Público non Universitario (Expte 15662/332), e a autorización para que perciban en concepto de asistencias efectivas a cada sesión do órgano colexiado a dieta de 39,78.-€ (TRINTA E NOVE CON SETENTA E OITO EUROS), para a categoría segunda de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos grupos A e B; e a dieta de 36,72.-€ (TRINTA E SEIS CON SETENTA E DOUS EUROS) para a categoría terceira de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos grupos C e D; cantidades homologadas por asistencia e*

participación en tribunais de oposicións, concursos, ou outros órganos encargados da selección de persoal, consonte co Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razóns de servizo.

O referido R.D. recolle nos seus artigos 1.d)/ 7.1.a)/28.1 que : “Darán orixe a indemnización ou compensación as asistencias pola concurrencia, persoal ou por representación, as reunións de Órganos Colexiados da Administración, de Órganos de Administración de Órganos Públicos...”

Tal é o caso dos Consellos Escolares dos Centros Públicos, como Órgano Colexiado de Goberno dos centros de ensino público que dependen da Admón. Educativa Competente, neste caso a Consellería de Educación da Xunta de Galicia, e que permiten participar na xestión dos centros aos distintos membros da comunidade escolar, ademais de constituir a canle para o control e xestión dos fondos públicos.

Tamén recolle no seu artigo 2e) que : “O presente R.D. será de aplicación para o persoal ao servizo das Corporacións Locais, tal e como prevé a súa lexislación específica”.

Contabilizadas as asistencias ós Consellos Escolares dos Centros de Ensino Público, aportadas polos diferentes representantes municipais, dende o 01 de outubro ate o 31 de outubro dos correntes, elévanse á cantidade de 25 consellos escolares.

Na documentación que acompaña a este expediente, adxúntanse ademais dos xustificantes de asistencia expedidos polos centros de ensino, cada unha das fichas correspondentes ás sesións dos Consellos Escolares desenvolvidas polos representantes municipais, que con posterioridade quedarán arquivadas para a súa pertinente consulta nas dependencias do Servizo de Educación.

Asemade, e a efectos de cómputo, de cada representante municipal relacionase cronolóxicamente a data de asistencia da primeira e última sesión do consello escolar por cada un deles efectuada.

Por todo o anteriormente exposto, solicítase á Xunta de Goberno Local o seguinte:

“Aproba-la cantidade de 951,66.-€ (NOVECIENTOS CINCOENTA E UN CON SESENTA E SEIS EUROS) en concepto de asistencias ás sesións dos Consellos Escolares no mes de outubro de 2014, con cargo á Partida Presupostaria 3210.233.00.00 dietas representación en consellos escolares, e desglosadas entre os representantes municipais do seguinte xeito:

Zona 1.- PEDRO MARÍA VÁZQUEZ IGLESIAS, NIF: 11.904.805-M, GRUPO A2  
(07/10/2014 – 21/10/2014) ..... 05 X 39,78.-€ ..... 198,90.-€

Zona 3.- ROSA MARÍA TORRES BOUZAS, NIF: 36.019.300-N, GRUPO C1  
(07/10/2014 – 14/10/2014) ..... 03 X 36,72.-€ ..... 110,16.-€

Zona 4.- IGNACIO OJEA PÉREZ, NIF: 36.046.809-J, GRUPO A1  
(09/10/2014 – 28/10/2014) ..... 06 X 39,78.-€ ..... 238,68.-€

Zona 6.- FELIPE CODESIDO RODRÍGUEZ, NIF: 36.081.823-K, GRUPO C1  
(07/10/2014 – 21/10/2014) ..... 05 X 36,72.-€ ..... 183,60.-€

Zona 7.- ROCIO BRUZON ALCAÑIZ, NIF: 36.058.643-W, GRUPO C1  
(14/10/2014 – 21/10/2014) ..... 06 X 36,72.-€ ..... 220,32.-€”

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**10(1400).- TRANSFERENCIA Á CONTA DA “FUNDACIÓN DA AXENCIA INTERMUNICIPAL DE ENERXÍA DE VIGO” (FAIMEVI)- COTA ANO 2014. EXPTE. 15437/444.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 06/11/14, dáse conta do informe-proposta do 22/09/14, do xefe dos servizos enerxéticos, asinado polo asesor xurídico e conformado polo xefe de área e polo concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

*“En sesión plenaria de data 24 de febreiro de 2003 foron aprobados os Estatutos da Fundación da Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo e posteriormente aprobada modificación dos mesmo en sesión do 23 de febreiro de 2004.*

*O Concello de Vigo é membro fundador da devandita Fundación. No artigo 11 c) dos devanditos Estatutos establécese entre as obrigas dos membros da fundación a de:*

*“<<.....>> Satisfacer as achegas ordinarias e extraordinarias que se establezan en cada caso e para cada clase deles”.*

*En relación coa aportación anual, na sesión ordinaria do padroado de data 18 de decembro de 2013, aprobouse o Plan de Actuación para o ano 2014, aprobándose dentro do seu capítulo económico prorrogar as cotas dos Patróns para o ano 2014. Ao Concello de Vigo correspóndelle satisfacer unha cota para o ano 2014 por un importe de 33.886,73 euros. Polo que para dar cumprimento ao devandito acordo,*

*Faise á Xunta de Goberno Local a seguinte*

**PROPOSTA:**

*1º.- Aprobar a transferencia á conta da Fundación da Axencia Intermunicipal de Enerxía de Vigo (FAIMEVI) por unha contía de 33.886,73 euros, para dar cumprimento do acordo adoptado pola mesma en sesión ordinaria do seu Padroado de data 18 de decembro de 2013, dende a partida orzamentaria 1650.4890000.”*

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**11(1401).- PROMOCIÓN POLO CONCELLO DE VIGO DO PROXECTO EMPRESARIAL “OBRADOR TRADICIONAL S.L.” COMO INICIATIVA LOCAL DE EMPREGO (ILE) ANTE A CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR. EXPTE. 11315/77.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 24/11/14, xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, conformado polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

*“A Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia dispón dun programa denominado “Iniciativas Locais de Emprego” (ILEs), regulado polo Decreto 9/2000, de 12 de xaneiro, publicado no Diario Oficial de Galicia de 27 de xaneiro; corrección de erros no DOG nº 24 de 4 de febreiro de 2000, que financia iniciativas innovadoras con efecto dinamizador de actividade económica e de emprego.*



O servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, entende que é susceptible de entrar no programa de ILES, o proxecto empresarial “Obrador Tradicional, S.L.” con enderezo en Vigo, promovido e presentado por Don Francisco Vallverdú Baena en calidade de representante, por acadar as seguintes características:

- O proxecto empresarial “Obrador Tradicional, S.L.” é innovador na área de Vigo, e consiste na idea de recuperar a elaboración do pan de maneira tradicional, recuperando e difundindo a tradición panadeira fronte a proliferación de produtos conxelados e pre cocidos, de menor calidade e con unha duración como produto moito menor.
- Metodoloxía para facer o pan. A proposta está baseada na metodoloxía de procesos lentos para facer o pan: fermentacións de un día para outro, no utilización de levaduras químicas, uso de masa madre e de levaduras naturais. Todo isto proporcionará a oportunidade de realizar un pan de alta calidade, con sabores e texturas diferentes ás existentes no mercado.
- Aula de formación. Seremos o único Obrador de Pan de Vigo con Aula de Formación, para que a xente poida aprender a realizar os seus propios, pans, bollería e pastelería. A proposta realizárase para adultos e faremos unha proposta de talleres infantís.
- A empresa terá o seu domicilio social na r/ Ferrería,17 e adoptará a forma xurídica de Sociedade Limitada.

“Obrador Tradicional, S.L.” é unha iniciativa empresarial innovadora, que realizárase nun contexto físico a resaltar que é o Casco Vello de Vigo una zona en transformación hacia negocios pequenos de barrio que recuperen a vida e tradición dunha zona industrial como Vigo.

A empresa precisa dun investimento inicial de 108.000 €, sendo a financiación recursos propios dos socios, en financiación allea do IGAPE.

O proxecto cumpre os requisitos establecidos na regulación de ILEs, en canto aos aspectos de ser viable técnica, económica e financeiramente, ademais de ser un proxecto xerador de emprego estable.

Achégase o plan de empresa do proxecto que é a súa carta de presentación que permite reflexionar sobre cada un dos pequenos detalles da posta en marcha do negocio e a súa xestión para vela viabilidade real do negocio e saber actuar para obter os obxectivos plantexados.

Tras analizarlo proxecto empresarial coa persoa emprendedora, a xefatura de servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, entende que a iniciativa empresarial descrita cumpre os requisitos previstos no programa ILEs da Consellería de Traballo e que, polo tanto, pode ser beneficiaria das citadas axudas e subvencións.

Por todo o anteriormente exposto, PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Promover ante a Consellería de Traballo e Benestar, a cualificación como Iniciativa Local de Emprego do proxecto empresarial denominado “Obrador Tradicional, S.L.” promovida por Don Francisco Vallverdú Baena, sendo necesario para isto a participación municipal, que consistirá no seguinte:

- Apoio polo Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo, na procura de información e asesoramento sobre as axudas municipais vixentes e elaboración ou estudo dun informe económico de viabilidade do proxecto.

- *Cooperación e apoio cara a axilizar os trámites administrativos de competencia municipal para a súa posta en funcionamento.*
- *Terá preferencia, de acordo coas correspondentes bases reguladoras, na concesión das Axudas Municipais á Creación de Empresas ás que, de ser o caso, opte.*
- *Terá preferencia, na concesión das Axudas PEIM que, de ser o caso, opte.(ditas bases aprobaronse na comisión de goberno de data 18 de decembro do 2000, sendo modificadas na Xunta de Goberno Local do 14 de marzo do 2011)."*

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **12(1402).- PROMOCIÓN POLO CONCELLO DE VIGO DO PROXECTO EMPRESARIAL "TEO'S DAUGHTER SHOWROOM" COMO INICIATIVA LOCAL DE EMPREGO (ILE) ANTE A CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR. EXPTE. 11429/77.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 24/11/14, do xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego conformado polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

*"A Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia dispón dun programa denominado "Iniciativas Locais de Emprego" (ILES), regulado polo Decreto 9/2000, de 12 de xaneiro, publicado no Diario Oficial de Galicia de 27 de xaneiro; corrección de erros no DOG nº 24 de 4 de febreiro de 2000, que financia iniciativas innovadoras con efecto dinamizador de actividade económica e de emprego.*

*O servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, entende que é susceptible de entrar no programa de ILES, o proxecto empresarial "Teo's Daughter Showroom" con enderezo en Vigo, promovido e presentado por Doña Mar Fernández Garcia en calidade de representante, por acadar as seguintes características:*

- *O proxecto empresarial "Teo's Daughter Showroom" é innovador na área de Vigo, e consiste na implantación dun Showroom, unha exposición de roupa, calzado e accesorios que aportará unha nova maneira de ir de compras, na cidade de Vigo, baseado na visita dun grupo cerrado de clientas a un local habilitado ao efecto para visionar un mostrario e poder escoller, probar adquirir prendas que non se atopan nos comercios habituais dunha maneira diferente. Entre as características diferenciadoras coas que nos podemos atopar están:*
  - *Acceso restrinxido a través de invitación privada.*
  - *Acceso a grupos reducidos para poder mercar en compañía de persoas afíns.*
  - *Compra en ambiente distendido ofrecendo as clientas tomar un café, infusión ou aperitivo mentres visiona o mostrario.*
  - *As instalacións contarán cun cambiador e salón de proba diferentes ao que nun co mercio podemos atopar e no que primará a comodidade do grupo.*
  - *A mercancía é novidosa na cidade xa que non está a venda nos comercios habituais. A promotora conta con provedores que non sirven na cidade de Vigo.*

- O servizo acompañarase do asesoramento de imaxe e personal shopper e tamén do comercio on line dos produtos que se atopen a venda.
- Utilización de plataformas en redes sociais, para promoción do servizo.
- A empresa terá o seu domicilio social na r/ Pedro Alvarado de Vigo e adoptará a forma xurídica de **Autónomo**.

“Teo`s Daughter Showroom” é unha iniciativa empresarial innovadora que consiste na creación de un Showroom de roupa, calzado e complementos, unha nova forma de ir de compras. O proceso de prestación de servizos basearase ten tres apartados: showroom, personal shopper e venta on line., representando o primeiro deles, como actividade principal, unha nova forma de ir de compras na cidade de Vigo no que grupos privados, mediante previa invitación asistirán a visualización de mostrarios de roupa, calzado e complementos nun local habilitado.

A empresa precisa dun investimento inicial de 22.000,00 €, sendo a financiación recursos propios da socia (12.000,00 €) e a capitalización do paro (10.000,00 €), polo tanto, sen financiación allea.

O proxecto cumpre os requisitos establecidos na regulación de ILEs, en canto aos aspectos de ser viable técnica, económica e financeiramente, ademais de ser un proxecto xerador de emprego estable.

Achégase o plan de empresa do proxecto que é a súa carta de presentación que permite reflexionar sobre cada un dos pequenos detalles da posta en marcha do negocio e a súa xestión para vela viabilidade real do negocio e saber actuar para obter os obxectivos plantexados.

Tras analizarlo proxecto empresarial coa persoa emprendedora, a xefatura de servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, entende que a iniciativa empresarial descrita cumpre os requisitos previstos no programa ILEs da Consellería de Traballo e que, polo tanto, pode ser beneficiaria das citadas axudas e subvencións.

Por todo o anteriormente exposto, PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Promover ante a Consellería de Traballo e Benestar, a cualificación como Iniciativa Local de Emprego do proxecto empresarial denominado “**Teo`s Daughter Showroom**” promovida por **Doña Mar Fernández García**, sendo necesario para isto a participación municipal, que consistirá no seguinte:

- Apoio polo Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo, na procura de información e asesoramento sobre as axudas municipais vixentes e elaboración ou estudo dun informe económico de viabilidade do proxecto.
- Cooperación e apoio cara a axilizar os trámites administrativos de competencia municipal para a súa posta en funcionamento.
- Terá preferencia, de acordo coas correspondentes bases reguladoras, na concesión das Axudas Municipais á Creación de Empresas ás que, de ser o caso, opte.
- Terá preferencia, na concesión das Axudas PEIM que, de ser o caso, opte.(ditas bases aprobaronse na comisión de goberno de data 18 de decembro do 2000, sendo modificadas na Xunta de Goberno Local do 14 de marzo do 2011)”

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**13(1403).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FUNDACIÓN LABORAL DE LA CONSTRUCCIÓN PARA PRÁCTICAS PROFESIONAIS NON LABORAIS. EXPTE. 11422/77.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 20/11/14, do xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, conformado polo concelleiro-delegado de área e informado xuridicamente con data 21/11/14, que di o seguinte:

*“A delegación provincial da Fundación Laboral de la Construcción Galicia solicita ao Concello de Vigo, en escrito presentado por Rexistro o 14/11/14, a súa colaboración para proporcionar aos estudantes dos cursos AFD 2014 o desenvolvemento das prácticas profesionais, segundo as bases reguladoras da Orde da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia de 23 de decembro de 2013; coa finalidade de contribuir a unha mellor e máis completa formación e cualificación do alumnado, mediante a xestión de prácticas en empresas e institucións públicas e privadas.*

*Os obxectivos a acadar coa realización das prácticas -no marco do contido dos cursos- é fundamentalmente facilitar a súa preparación para o desempeño profesional das tarefas obxecto do curso, promovendo así o futuro desenvolvemento profesional ao mercado laboral.*

*Por isto, tendo en conta o contido do texto do convenio, a súa natureza e o feito de ser unha mera colaboración sen que poida considerarse de ningún modo como contrato e, polo tanto, excluído da Lei de Contratos das Administracións Públicas, o desenvolvemento deste convenio non implica relación laboral algunha, nin gasto para o Concello. A devandita empresa asume todos os gastos que se poidan derivar destas prácticas. Así mesmo, ante calquera eventualidade de accidente que puidese producirse durante a realización das prácticas, os alumnos estarán cubertos por unha PÓLIZA DE SEGUROS, contratada pola empresa asinante do Convenio e que comprenderá todo o período de prácticas.*

*Propónse á Xunta de Goberno municipal a adopción do seguinte acordo:*

*a) Autorizar a sinatura do convenio entre D. Santos Héctor Rodríguez Díaz, concelleiro delegado da Área de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo, segundo Decreto de Delegación de Alcaldía de 29 de xullo de 2014 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 30 de xullo de 2014, e D. Fernando García Novo, con DNI 76575361N, como representante da Fundación Laboral de la Construcción Galicia, para a regulación das prácticas que realicen os alumnos participantes no curso AFD de “ENAE018 Montaxe e mantemento de sistemas de enerxía solar térmica”, segundo as Bases Reguladoras do 23 de decembro de 2013.*

*b) En ningún caso o Concello de Vigo asumirá gasto algún derivado do presente convenio, nin danos ou perdas que se poidan producir nas instalacións e dependencias municipais como consecuencia da entrada en vigor do mesmo.*

*c) Este período formativo non constitúe, baixo ningún concepto, unha relación laboral entre os alumnos e o Concello de Vigo.”*

**ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A FUNDACIÓN LABORAL DE LA CONSTRUCCIÓN GALICIA E O CONCELLO DE VIGO PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS PROFESIONAIS NON LABORAIS INCLUIDAS NO PROGRAMA FORMATIVO DE ALUMNOS DOS CURSOS AFD (Accións Formativas para Desempregados), segundo as bases reguladoras da orde de 23 de decembro de 2013.**

Vigo, 28 de novembro de 2014

## REÚNENSE:

*Por unha parte, D. Santos Hector Rodríguez Díaz, concelleiro delegado de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, en representación do Concello de Vigo, con enderezo social na Praza do Rey, nº 2 de Vigo, C.P. 36202 e CIF: P-3605700H, en virtude da delegación conferida por Decreto de Delegación de Alcaldía de 29 de xullo de 2014 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 30 de xullo de 2014.*

*Da outra, D. Fernando García Novo, xerente da Fundación Laboral de la Construcción Galicia, con CIF- G-80468416 e domicilio na rúa Alberto Alcocer, 46-B de Madrid, que actúa en nome e representación da mesma inscrita no Libro de Inscripciones de Fundaciones Laborales, número 78.*

*Ambas as dúas partes recoñécense con capacidade legal suficiente para outorgar o presente convenio e, para os efectos,*

### EXPOÑEN

*Que ambas as partes recoñécense recíprocamente capacidade e lexitimidade para acordar.*

*Que o obxecto do presente acordo é a colaboración entre as entidades ás que representan para o desenvolvemento das Prácticas dos alumnos dos cursos AFD, segundo as bases reguladoras da Orde de 23 de decembro de 2013 da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia.*

### ACORDAN

*Subscribir o presente acordo de colaboración para o desenvolvemento da formación en centros dependentes do Concello de Vigo para o alumnado dos cursos AFD.*

### CLÁUSULAS

*Primeira.- O alumnado dos cursos AFD desenvolverán actividades formativas programadas no centro de formación e servizos do Concello de Vigo, sen que isto implique relación laboral algunha con esta institución, ésta será polo tanto estritamente académica.*

*Segunda.- O Concello de Vigo colaborará na formación do alumnado dos cursos AFD sen que en ningún momento poida verse afectado o seu normal funcionamento.*

*Terceira.- Calquer accidente que o alumno poida sufrir dentro ou fóra do Concello de Vigo estará cuberto por unha PÓLIZA DE SEGUROS a favor do alumno, contratada pola FUNDACIÓN LABORAL DE LA CONSTRUCCIÓN GALICIA, e que comprenderá todo o período de prácticas. O alumno, baixo ningún concepto, podrá reclamar responsabilidades ao Concello de Vigo.*

*O Concello de Vigo, en ningún caso, asumirá un gasto derivado do presente Convenio, nin de danos e perdas que se poidan producir nas instalacións e dependencias do Concello de Vigo.*

*Cuarta.- De conformidade co disposto na Lei orgánica 15/1999, de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, o/a estudante en prácticas que por razón das actividades formativas teñan acceso, en calquera fase do tratamento, a datos de carácter persoal, non revelará a persoa allea á empresa/entidade información da que tiveran coñecemento, nin utilizará ou disporá dela dun xeito ou con finalidade distinta á esixida polas accións formativas; obriga que subsistirá aínda despois de rematadas as mesmas, respondendo en caso de incumprimento do deber de segredo fronte á empresa/entidade, sen prexuízo das responsabilidades que por igual causa puidesen derivarse ante a Axencia Española de Protección de Datos.*

*A tal efecto o estudante asinará coa entidade un documento no que se obrigue a cumprir o deber de secreto antes citado.*

*Quinta.- A entidade responsable da docencia fará un seguimento do alumnado en coordinación co responsable por parte do Concello de Vigo.*

*Sexta.- Número de prazas.*

*O Concello de Vigo acollerá un alumno da Fundación Laboral de la Construcción Galicia en calidade de estada de prácticas (D. Manuel Quiroga Villar co DNI 36028745G), do curso "ENAE0108 MONTAXE E MANTEMENTO DE INSTALACIÓNS SOLARES FOTOVOLTAICAS".*

*O alumno non terá a posibilidade de prorrogar ou repetir as prácticas realizadas ao abeiro deste convenio.*

*Sétima.- Número de horas e horario*

*As prácticas que realice o alumno constarán de 120 horas, dentro do horario de 07.30 a 15.30 horas, e a data do comezo está prevista para o día 1 do vindeiro mes de decembro.*

*As prácticas non serán recompensadas economicamente a ningún alumno.*

*Oitava.- O presente acordo poderase extinguir por finalización do tempo convindo e poderase rescindir por calquera das partes, mediante denuncia dalgunha delas e que se lle deberá comunicar a outra cunha antelación mínima de cinco días, baseada nalgunha das seguintes causas:*

- a) Cesamento de actividades do centro docente ou dos centros dependentes do Concello de Vigo.*
- b) Forza maior que imposibilite o desenvolvemento das actividades programadas.*
- c) Incumprimento das cláusulas establecidas no convenio específico de colaboración, inadecuación pedagóxica das prácticas formativas ou vulneración das normas que estean en cada caso vixentes en relación coa realización das actividades programadas.*
- d) Mútuo acordo entre a Fundación Laboral de la Construcción Galicia, adoptado pola súa delegación provincial, e o Concello de Vigo, adoptado pola súa parte. Igualmente poderase rescindir para un alumno ou grupo deles, por calquera das partes asinantes, e ser excluído da súa participación no acordo por decisión unilateral do Centro de Formación ou do Concello de Vigo, ou conxuntamente de ambos os dous, nos seguintes casos:
  - d.1) Falta de asistencia e/ou puntualidade non xustificadas á realización das prácticas.*
  - d.2) Actitude incorrecta ou falta de aproveitamento, tras unha audiencia coa persoa interesada.**

*O alumno aceptará que en calquer momento se lle poida requerir que abandone definitiva o temporalmente as dependencias do Concello, sen que poida esixir ningún tipo de indemnización, previa comunicación á Fundación Laboral de la Construcción Galicia.*

*Novena.- O presente acordo entrará en vigor durante o presente ano 2014, sen prexuízo de que se prorrogue automaticamente para os vindeiros anos, se non é denunciado por algunha das dúas partes.*

E, en proba de conformidade, asinan as partes o presente convenio no lugar e data indicados ao comezo.

POLO CONCELLO DE VIGO  
DE LA CONSTRUCCIÓN GALICIA  
O concelleiro de Emprego, Participación Cidadá  
e Voluntariado  
(Decreto 29/07/2014 e Acordo da X.G.L. 30/07/14)  
D.Santos Hector Rodríguez Díaz

POLA FUNDACIÓN LABORAL

O xerente

D. Fernando García Novo”

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **14(1404).- XUSTIFICANTES DE LIBRAMENTOS. EXPTE. 102439/140.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do seguinte informe do interventor xeral municipal:

“Lexislación aplicable:

- Artigos 190 e 213 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- Artigo 69 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril.
- Base 23 das de Execución do Orzamento de 2014.

### INFORME INTERVENCIÓN

En relación á/s contas xustificativas dos seguintes pagos a xustificar:

Habilitado	Nºpagamento	Aplicación orzamentaria	Importe librado	Importe xustificado	Data de pagamento	Data Real xustificación	Data legal de xustificación	Reintegro	S/ a fa vor
Abalde Comesaña Raquel	201400049432	9120.2200100	700,00	636,70	03/07/14	22/10/14	03/10/14	63,30	---
Crespo Casal Álvaro	201400070157	9222.2250200	100,00	50,00	17/10/14	07/11/14	17/01/15	50,00	---
Escariz Couso Alberto	201400036542	9220.2312000	50,00	50,00	20/06/14	03/11/14	20/09/14	----	---
Espada Recarey Luis	201400050920	1693.2230000	1.000,00	999,48	16/07/14	02/10/14	16/10/14	0,52	---
Espada Recarey Luis	201400050937	1693.2200100	500,00	411,10	16/07/14	02/10/14	16/10/14	88,90	---
Espada Recarey Luis	201400052938	1693.2260100	500,00	499,75	28/07/14	02/10/14	28/10/14	0,25	---
Espada Recarey Luis	201400066210	1693.2279900	17.999,00	16.958,10	30/09/14	31/10/14	30/12/14	1.040,90	---
Espada Recarey Luis	201400068387	1693.2200100	500,00	389,12	09/10/14	12/11/14	09/01/15	110,88	---
Fernández Fernández Paz	201400062327	2310.1620000	69,00	69,00	05/09/14	29/09/14	05/12/14	----	---
Fernández Fernández Paz	201400062328	2310.1620000	69,00	69,00	05/09/14	29/09/14	05/12/14	----	---
Gutiérrez Orúe Francisco J.	201400067045	1694.2330000	600,00	600,00	06/10/14	21/10/14	06/01/15	----	---
Núñez Aboy Marta	201400074711	3340.2302000	294,41	208,73	05/11/14	13/11/14	05/02/15	85,68	---
Núñez Aboy Marta	201400074712	3340.2312000	200,00	90,72	05/11/14	13/11/14	05/02/15	109,28	---
Otero Lamas Francisco	201400051633	3133.4800000	5.000,00	3.449,29	17/07/14	08/10/14	17/10/14	1550,71	---

Habilitado	Nºpagamento	Aplicación orzamentaria	Importe librado	Importe xustificado	Data de pagamento	Data Real xustificación	Data legal de xustificación	Reintegro	S/a favor
San Luis Costas Avelino	201400049431	9120.2260100	3.000,00	736,35	07/07/14	23/10/14	07/10/14	2.263,65	---
San Luis Costas Avelino	201400052057	9120.2310000	1.000,00	943,39	17/07/14	23/10/14	17/10/14	56,61	---
San Luis Costas Avelino	201400062065	9120.2260901	10.648,00	10.648,00	08/09/14	14/11/14	08/12/14	----	---
San Luis Costas Avelino	201400062066	9120.2260100	1.100,00	1.100,00	08/09/14	14/11/14	08/12/14	----	---
Vieites Alén José Manuel	201400036913	9220.2260400	600,00	----	23/06/14	09/10/14	23/09/14	600,00	---
Vieites Alén José Manuel	201400050943	9220.2260300	12.000,00	11.999,62	16/07/14	16/10/14	16/10/14	0,38	---
Vivero Mijares Antonio	201400070997	1330.2302000	441,75	337,78	22/10/14	31/10/14	22/01/15	103,97	---
Vivero Mijares Antonio	201400070999	1330.2312000	1.000,00	928,83	22/10/14	31/10/14	22/01/15	71,17	---
Vivero Mijares Antonio	201400071000	1330.2312000	1.000,00	903,53	22/10/14	30/10/14	22/01/15	96,47	---
Vivero Mijares Antonio	201400071001	1330.2302000	441,75	370,53	22/10/14	30/10/14	22/01/15	71,22	---
<b>TOTAL</b>			58.812,91	52.449,02				6.363,89	

Procedeuse a comprobar por esta Intervención :

Alcance da fiscalización	Sí	Non
Se rendiron no prazo establecido, a excepción dos libramentos nº 201400049432 de Abalde Comesaña Raquel, 201400036542 de Escariz Couso Alberto, 201400049431e 201400052057 de San Luis Costas Avelino e 201400036913 de Vieites Alén José Manuel.	✓	
A conta está debidamente asinada e están relacionadas as facturas e documentos orixinais a excepción dalgúns supostos nos que non se procede formalmente a citada enumeración.	✓	
Os gastos concretos e determinados son adecuados ó fin para o que se entregaron os fondos.	✓	
Acreditase a realización efectiva e conforme dos gastos e servizos, así como a realización material do pagamento ó acreedor da factura ou xustificante.	✓	
Inclúese, mandato de pagamento, se procede, acreditativo do reintegro sobranete.	✓	

Resultado da fiscalización

De conformidade	Con observacións	De disconformidade
	Os libramentos nº 201400049432 de Abalde Comesaña Raquel, 201400036542 de Escariz Couso Alberto, 201400049431 e 201400052057 de San Luis Costas Avelino e 201400036913 de Vieites Alén José Manuel.	

A diversa documentación que compón as contas xustificativas, deberá ser unida ó mandato de pagamento orixinal despois da súa aprobación pola Xunta de Goberno Local."

## Acordo

A Xunta de Goberno Local queda informada.

## 15(1405).- REVISIÓN ORDINARIA DE PREZOS DO CONTRATO PARA O SERVIZO DE MANTEMENTO E REPARACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE CONTENERIZACIÓN SOTERRADA DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 5076/252.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 17/11/14, dáse conta do informe-proposta do xefe do servizo de Limpeza



conformado polo concelleiro de área e pola concelleira de Facenda, que di o seguinte:

Antecedentes:

*D<sup>a</sup>. Teresa González Olañeta, en nome e representación da empresa ECOLIMSISTEM, S.L. (C.I.F. B15764582), presentou un escrito no Rexistro Xeral do Concello de Vigo o 3 de xullo do 2014, con número de documento 140082567, no que solicitaba a 1ª revisión ordinaria do prezo do contrato polo servizo de “mantemento e reparación das instalacións de contenerización soterrada do Concello de Vigo”. A revisión terá efectos do 1 de maio do 2014 ata o 30 de abril do 2015.*

*O contrato para o mantemento e reparación das instalacións de contenerización soterrada do Concello de Vigo adxudicouse á empresa ECOLIMSISTEM, S.L por acordo da Xunta de Goberno Local de data 19 de abril do 2013, asinándose posteriormente o documento o día 29 de abril seguinte e iniciándose a prestación do servizo o día 1 de maio do 2013.*

*A data de finalización de presentación de ofertas ao concurso foi o día 2 de novembro do 2012 no canto do día 30 de outubro do 2012, como indica o certificado do Concelleiro-delegado de Xestión Municipal desa mesma data obrante no expediente.*

*Isto é así dado que no prazo sinalado nos anuncios publicados no DOG nº 196 (15-10-2012) e BOP nº198 (15-10-2012) para a contratación do servizo, establecíanse 15 días dende a derradeira data de publicación nos Diarios Oficiais, que neste caso coinciden ambos o día 15 de outubro.*

*Contados polo tanto 15 días hábiles dende o día seguinte á publicación, e tendo en conta que o día primeiro de novembro foi festivo, o prazo de quince días remata o día 2 de novembro do 2012.*

*A duración do contrato é de dous anos, prorrogable por outro ano máis, e o prezo de adxudicación foi de 111.932,73€ iva 10% engadido (55.966,37 €/ano).*

*A variación interanual do IPC nacional entre febreiro de 2013 (tres meses despois da data de finalización de presentación de ofertas) e abril de 2014, que corresponde co período de cálculo para a revisión solicitada, foi do 1,1% segundo a información oficial publicada polo Instituto Nacional de Estatística.*

Fundamentación xurídica:

*A revisión ordinaria do prezo solicitada está prevista na cláusula 3 apartado J) das Follas de Características do Contrato (FEC) do vixente prego de prescricións administrativas particulares que regula este contrato, na que se establece expresamente que:*

*“Procederá a primeira revisión de prezos transcorrido un ano dende a data de formalización do contrato, e sempre e cando este se tivese executado a lo menos no 20% do seu importe, e recollerá o 85% da variación experimentada polo IPC nacional no período que medie entre a data de revisión e a data de adxudicación do contrato, sempre que esta se produza no prazo de tres meses dende a finalización do prazo de presentación de ofertas ou respecto da data en que termine o dito prazo de tres meses se a adxudicación se produce con posterioridade.”*

*Conforme ao anterior, e dado que o contrato se formalizou o día 29 de abril do 2013 e se iniciou o día 1 de maio seguinte, a partir do día 1 de maio do ano 2014 cúmprese a condición de ter transcurrido un ano para a solicitude da 1ª revisión ordinaria do prezo. Así mesmo, tamén se cumpre nesta data a condición de ter executado máis do 20% do prezo do contrato, polo tanto é procedente a solicitude de revisión ordinaria.*

No que respecta ao cálculo da revisión, e dado que transcorreron máis de tres meses dende a data de finalización de presentación de ofertas (2 de novembro de 2012) e a data de adxudicación (19 de abril de 2013), tomárase o 85% da variación do IPC nacional entre os meses de febreiro do 2013 (tres meses despois da data de finalización de presentación de ofertas) e o mes de abril do 2014 que é o anterior ao do efectivo cumprimento de un ano do inicio da prestación do servizo (1 de maio do 2013).

Cálculo da revisión do prezo do contrato:

Prezo anual de adxudicación do contrato co 10% de iva engadido:	55.966,37€
Prezo anual actual do contrato sen o imposto sobre o valor engadido:	50.878,51€
Ive soportado pola administración:	5.087,85€

Prezo anual do contrato sen iva, actualizado conforme ao 85% do IPC (1,1%): $0,85*0,011*50.878,51= 51.354,23€$	
Novo prezo revisado do contrato iva 10% engadido	56.489,65€
Imposto sobre o valor engadido a soportar pola administración:	5.135,42€
O importe da actualización co IVE (10%) ascende a:	

$56.489,65 - 55.966,37 = 523,29€$  dos que 305,25€ corresponden ao ano 2014 e 218,04€ corresponden ao ano 2015.

Cálculo de atrasos

Debido ao retraso na tramitación deste expediente de revisión ordinaria do prezo do contrato, o contratista facturou o servizo prestado a partir do mes de maio do ano 2014 a prezo 55.966,37€/ano, cando lle correspondería un prezo de 56.489,65€/ano. Polo tanto cada mensalidade facturada ata a aprobación desta revisión xenera uns atrasos de:

$$523,29 / 12 = 43,61€/mes$$

Consonte co anterior, os atrasos do período maio a outubro do 2014 son:

$$43,61€/mes \cdot 6meses = 261,66€$$

Os atrasos por cada mensalidade a partir do mes de outubro do 2014 serán de 43,61€, de xeito que o novo prezo mensual do contrato son 4.707,47€.

Polo exposto anteriormente, previo informe da Intervención Xeral Municipal, propónse á Xunta Local de Goberno deste Concello, a adopción do seguinte,

ACORDO

1. Aprobar a 1ª revisión ordinaria do prezo do contrato de "mantemento e reparación das instalacións de contenerización soterrada do Concello de Vigo", fixando o prezo a partir do día primeiro de maio do ano 2014 e ata o día trinta de abril do ano 2015 en 56.489,65€ (IVE 10% engadido).
2. Aboar en concepto de atrasos á empresa concesionaria. ECOLIMSISTEM, S.L. (C.I.F. B15764582) a cantidade de 261,66€, polos meses de maio a outubro do 2014 ambos inclusive (6 meses), e 43,61€/mes a partir desa data cun novo prezo mensual de contrato de 4.707,47€.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**16(1406).- RECTIFICACIÓN DE ERRO NO ACORDO DA X.GOVERNO LOCAL DO 7.11.14 DE REVISIÓN DO PREZO DO CONTRATO DE SALVAMENTO E SOCORRISMO EN DETERMINADOS AREAIS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 8316/306.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta o informe-proposta do 21/11/14, que di o seguinte:

*“I.- A Xunta de Goberno Local en sesión do 7 de novembro de 2014, ditou acordo de revisión de prezo do contrato de prestación do servizo de Salvamento e Socorrismo en areas do Concello de Vigo, ano 2014 (expte. 8316/306), que no apartado PRIMEIRO da súa parte dispositiva di:*

*“PRIMEIRO.- Aprobar o prezo revisado do contrato de salvamento e socorrismo en determinados areas do Concello de Vigo, adxudicado á entidade Cruz Vermella Española por acordo da Xunta de Goberno Local de data 1 de xuño de 2012 e formalizado en documento administrativo en data do 20 de xuño de 2012, para este ano 2014 nun importe de euros 229.464,07 euros (IVE do 21% engadido), de conformidade co establecido na parte expositiva deste acordo.”*

*II.- Revisado o citado acordo compróbase un erro no referido apartado primeiro da súa parte resolutiva respecto do prezo revisado do contrato xa que este é de 229.854,17 euros e non de 229.464,07 euros que figura neste.*

*Tal erro material dedúcese claramente da parte expositiva do acordo no que se xustifica que o prezo do contrato no ano 2013 foi de 229.464,07 euros e o prezo revisado do contrato para este ano 2014, tras aplicar a revisión prevista no PCAP que rexe o contrato, é de 299.854,17 euros, polo que procede rectificar o erro sinalado.*

*Non é preciso novo informe da Intervención xeral toda vez que no documento contable emitido en data do 29/10/2014 (núm. 74429/2014) xa figura correctamente o prezo actualizado de 229.854,17€.*

*III.- O artigo 105.2. da L. 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común establece que “As Administracións públicas poderán, asimesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.”*

*IV.- O órgano que adoptou o acordo de revisión do prezo do contrato foi a Xunta de Goberno Local como órgano de contratación do Concello de Vigo ao abeiro do establecido na Disposición adicional segunda, apartado 3, do Rdl 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, polo que procede que esta o rectifique.*

*Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte*

**ACORDO**

*PRIMEIRO.- Rectificar, ao abeiro do establecido no artigo 105.2. da L.30/1992, de 26 de novembro, de RXAP-PAC, o erro existente no apartado PRIMEIRO da parte dispositiva do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión do 7 de novembro de 2014, de revisión de prezo do contrato de prestación do servizo de Salvamento e Socorrismo en areas do*

Concello de Vigo, ano 2014 (expte. 8316/306), onde di “nun importe de euros 229.464,07 euros”, debe dicir “nun importe de 229.854,17 euros”, mantendo o acordo nos demais termos

Por tanto, unha vez rectificadas as cifras, o dito apartado primeiro queda redactado do seguinte xeito:

**“PRIMEIRO.-** Aprobar o prezo revisado do contrato de salvamento e socorrismo en determinados areas do Concello de Vigo, adxudicado á entidade Cruz Vermella Española por acordo da Xunta de Goberno Local de data 1 de xuño de 2012 e formalizado en documento administrativo en data do 20 de xuño de 2012, para este ano 2014 nun importe de 229.854,17 euros (IVE do 21% engadido), de conformidade co establecido na parte expositiva deste acordo.”

**SEGUNDO.-** Notificar este acordo á entidade adxudicataria informándolle que, conforme ós artigos 116.1, 117.2 e 43.2 da L. 30/1992, de 26 de novembro, de RXAP-PAC e os artigos 8, 46.1 e 46.4 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición contencioso-administrativa, contra o dito acordo, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición, perante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes a contar desde o seguinte ó da súa notificación ou ben directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa.

No caso de interpoñer o recurso potestativo de reposición, deberá ser resolto e notificado no prazo dun mes, entendéndose desestimado polo transcurso de dito prazo sen resolución expresa notificada, podendo daquela os interesados interpoñer recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do contencioso administrativo de Vigo, no prazo de seis meses contados desde o día seguinte a aquel no que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso potestativo de reposición interposto.”

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **17(1407).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 22.931,70 € A FAVOR DE TAELO S. COOP POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RADIOCOMUNICACIÓNS PARA A POLICÍA LOCAL E O SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS – XUÑO, XULLO E AGOSTO 2014. EXPTE. 41927/212.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 13/11/14, dáse conta do informe-proposta do intendente xefe da Policía Local do 12/11/14, conformado polo xefe de área e polo concelleiro-delegado, que di o seguinte:

“O 15 de setembro de 2014 a mercantil TAELO, S. COOP. presenta a través do Rexistro Xeral a factura Nº. TR80087/14 por importe de 22.931,70 € (IVE engadido) polo concepto de “infraestrutura e mantemento da rede trunking de comunicacións, correspondente aos meses de xuño, xullo e agosto de 2014”.

Seguidamente, o Concelleiro-delegado ordena incoar “expediente de recoñecemento dunha indemnización substitutiva a favor da mercantil TAELO, S. COOP., con C.I.F. F-36.049.543 pola

*prestación do servizo de radiocomunicacións para a Policía Local e o Servizo de Extinción de Incendios correspondente ao período de xuño, xullo e agosto de 2014, e por importe de 22.931,70 € (IVE engadido) segundo factura Nº. TR80087/14".*

*A proposta ven precedida de memoria explicativa das circunstancias que xustifican a incoación do expediente, segundo o disposto na Instrucción Nº. 1/00 da Intervención Xeral sobre expedientes de recoñecemento extraxudicial de créditos e indemnización substitutiva, e na propia Base 28 e concordantes das de execución do orzamento vixente. Asimesmo, dende o servizo estívoise a espera de informe xurídico, sendo informado o 13/11/2014, que o mesmo non era necesario.*

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

*Primeiro.- A factura trae causa dunha prestación de servizos levada a cabo pola mercantil unha vez rematada a prórroga do contrato que vinculaba as prestacións de ambas partes e, en tanto en canto o Concello a través do negocio xurídico pertinente non se acolle á prestación pública do servizo pola Xunta de Galicia, previsto para finais do 2014 ou principios do 2015.*

*Segundo se afirma na memoria, a finais de 2014 principios de 2015 a Xunta de Galicia terá operativa a rede de radiocomunicacións móbiles baseada na tecnoloxía estándar TETRA, que ofrecerá servizos de comunicación de voz e datos aos organismos da Xunta relacionados coa seguridade e emerxencias, e a que se poderán acoller outras entidades públicas con competencias neste ámbito; sendo ademáis esta tecnoloxía a recomendada pola UE para as comunicacións vinculadas á seguridade pública.*

*Certamente, as vantaxes que derivan da prestación pública do servizo e que se detallan na memoria, en canto reveladoras dunha maior idoneidade da calidade das comunicación para a prestación dos servizos de Policía e Extinción de Incendios, e de unha maior economía do servizo para o Concello de Vigo, determinan e reclaman a opción inmediata polo servizo público de radiocomunicacións como a máis satisfactoria para o interese público.*

*O contrato coa mercantil rematou o 31 de maio e en tanto no se transita hacia o sistema público vai transcorrer un periodo aproximado de 7 meses nos que o Concello vai seguir precisando o servizo de radiocomunicacións, imprescindible para a eficaz prestación dos servizos de seguridade e Extinción de Incendios.*

*Non en tanto a prestación durante este periodo de tránsito carece de mercado, é claramente un obxecto contractual residual. A forte inversión que require a infraestrutura de comunicacións fai absolutamente inviable para calquer empresa distinta da última adxudicataria- TAELO, por ser a titular da rede e das infraestructuras- o contrato por alo menos seis anos, sempre en termos de economía e eficiencia do gasto para o Concello. Ademáis a adxudicación a outra empresa xeraría gastos adicionais de reprogramación dos actuais terminais ou compra doutros novos. Soamente a comercial TAELO, adxudicataria dos contratos de radiocomunicacións dende 2001, como titular da infraestrutura de comunicacións, presumiblemente amortizada durante estos anos, está en disposición de ofrecer a prestación durante este tempo de tránsito ao servizo público, ao prezo da factura presentada, que foi o pagado durante o periodo da prórroga correspondente ao 2014. Calquera outra opción apartase notoria e intolerablemente dos principios de eficacia e eficiencia do gasto.*

*O art. 103.1 da Constitución dispón o sometemento pleno da Administración á lei e ao Dereito, que constitúe a cláusula primordial do Estado de Dereito e pedra angular de todo o Dereito administrativo. É unha cuestión pacífica na doutrina que o ámbito do Dereito non resulta agotado*

*pola lei, senon que se estende tamén ao resto de fontes de produción normativa e os principios xerais do Dereito que, en canto expresivos dos valores materiais básicos do ordenamento xurídico, o informan, determinan a súa interpretación conforme aos mesmos e suplen, no seu caso, as fontes escritas.*

*A contratación pública non é ningún fin en si mesmo senon que o seu réxime xurídico está orientado a consecución de certos fins enumerados a modo de principios no RDL 3/2011, fundamentalmente nos artigos 1 e 22. De entre todos sobresalen os de igualdade, eficacia e eficiencia, de seu incluído en aquél, principios xerais do Dereito que, como tales ostentan un radio de acción máis amplo co da contratación. Os demais principios enumerados ben son unha concreción dos mesmos no ámbito da contratación ben son instrumentais dos mesmos, así o de libre concurrencia, publicidade, racionalidade da contratación, etc.*

*De xeito que sendo aqueles os principios fundamentais que informan as normas da contratación a interpretación e aplicación das mesmas ten que ser conforme ás pautas axiolóxicas proporcionadas polos principios de igualdade, eficacia e eficiencia, quedando vedadas solucións opostas a esa orientación material que resulten absurdas, inxustas ou incoherentes.*

*Resulta absurdo, por contrario ás regras da lóxica e á razón, someter unha prestación que carece de mercado, polos factores xa reseñados, a un procedemento de contratación que, precisamente, produciría resultados contrarios aos principios e fins pretendidos polo RDL 3/2011. A prestación do servizo a través do negocio contractual nada aporta ao principio de igualdade, debido á notoria situación de ventaxa na que se atopa a mercantil TAE LPO, e moito resta de eficacia e eficiencia na utilización dos fondos públicos, ao engadir costes inútiles e risco, ademais, de que quede deserto por aproveitamento precisamente pola mercantil desa manifesta posición de ventaxa.*

*O art. 22.1 do RDL 3/2011, que encabeza o capítulo I do libro primeiro, cuxo título reza: "Racionalidade e consistencia da contratación do sector público", establece un mandato claro de que os entes, organismos e entidades do sector público "NON PODEN CELEBRAR OUTROS CONTRATOS QUE AQUELES QUE SEXAN NECESARIOS PARA O CUMPRIMENTO E REALIZACIÓN DOS SEUS FINS INSTITUCIONAIS".*

*En verdade, esta proposición normativa non deixa de ser refrexo do mandato constitucional do 103.1 de que a Administración sirva con obxetividade os intereses xerais e do principio de eficacia e eficiencia.*

*Unha interpretación do mandato a través dos cánones hermenéuticos aceptados pola comunidade xurídica e conforme aos criterios axiolóxicos proporcionados pola igualdade, eficacia e eficiencia, esixe un entendemento do mandato nun sentido máis amplo co de mera indispensabilidade material para prestación ou realización dos servizos públicos atribuídos; debe abarcar unha intelixencia do precepto comprensiva da indispensabilidade do contrato para a prestación dos servizos públicos conforme á orientación material da súa actividade servicial proporcionada por esos principios.*

*Así pois, as singulares circunstancias que concurren neste caso, non fan necesario o desenvolvemento da provisional prestación no marco obrigacional dun contrato maior, pois este negocio xurídico nada favorece ao principio de igualdade e, non entanto, frustraría unha solución baseada na máxima eficacia e eficiencia do gasto.*

*Segundo.- De conformidade co art. 20 da lei 47/2003, de 26 de novembro, Lei Xeral Orzamentaria, as obrigas da Facenda Pública nacen da Lei, dos negocios xurídicos e dos actos*

ou feitos que segundo dereito as xeneren. A estos derradeiros pertence a institución do enriquecemento sin causa, principio xeral do Dereito recoñecido pola doutrina e xurisprudencia e, como tal, fonte de obrigas.

Terceiro.- A factura responde aos requisitos establecidos na Base 19ª das de execución do orzamento vixente. E o servizo prestado aparece como recepcionado e conforme, autorizado por funcionario competente (Base 18ª).

En canto ao importe da factura, de 22.931,70 € (IVE engadido), responde a estimacions de mercado e as propias previsións do contrato extinguido ante a eventualidade da súa prórroga (apartado 9º das follas de características do contrato: variación experimentada polo IPC nacional no período que medie entre a data de revisión e a de apertura de proposicións económicas).

Na memoria manifestase a existencia de crédito adecuado e suficiente na partida 1320.208.0000 (aluguer da recepción trunking). Asimesmo, xustifícase a posibilidade de imputar o gasto ao crédito orzamentario corrente, sen riscos previstos ou previsibles derivados da xestión ordinaria do servizo.

O expediente incorporouse tamén unha declaración do representante legal da mercantil, relativa ao resarcemento da deuda e renuncia o exercicio de accións xudiciais ou administrativas en función da aprobación do acto de recoñecemento da indemnización substitutiva obxecto do expediente.

En todo o demais axustase a Instrución nº. 1/00 da Intervención Xeral sobre recoñecemento extrajudicial de créditos.

Cuarto.- A competencia para resolver o expediente corresponde á Xunta de Goberno local, de conformidade co previsto no art. 127 da Lei 7/1985, e o 60.2 do RD 500/1990, de 20 de abril.

En mérito de canto antecede, e previo informe da Intervención xeral, o funcionario que suscribe ven en propoñer ao concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade que se eleve á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de,

#### ACORDO

1. Aprobar a favor da mercantil TAELO, S. COOP., con C.I.F. F-36.049.543, unha indemnización substitutiva ( convalidación ) por importe de 22.931,70 € (IVE engadido) pola prestación efectiva do servizo de radiocomunicacións para a Policía Local e o Servizo de Extinción de Incendios correspondente ao período de xuño, xullo e agosto de 2014, segundo factura Nº. TR80087/14, aos efectos de evitar un enriquecemento inxusto do concello de Vigo en función da efectiva e satisfactoria prestación do citado servizo e a falta de cobertura contractual do mesmo.

2. Recoñecer, en consecuencia, o dereito da citada mercantil, a percibir dita cantidade polo referido concepto con cargo á aplicación orzamentaria 1320.2080000 (aluguer da recepción trunking)."

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**18(1408).- PRODUTIVIDADE AO PERSOAL DO SERVIZO DE ELECTROMECÁNICOS QUE PARTICIPA NO OPERATIVO DA LIMPEZA ESPECIAL DE FONTES ORNAMENTAIS, TERCEIRO TRIMESTRE 2014. EXPTE. 25898/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 20/11/14, dáse conta do informe-proposta do 18/11/14, da técnica de Formación de RR HH, conformado pola xefa do servizo e polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

*“Remítese a este Servizo de Recursos Humanos en data 17/11/2014, solicitude de aboamento dun complemento de produtividade ao persoal que participa nas tarefas de limpeza das fontes públicas ornamentais do Concello de Vigo, correspondentes ao 3º trimestre do ano 2014.*

*Relacionase aos funcionarios D Juan Davila Perez (NP 14491-DNI 35988970) e D Francisco J Bea Puentes (NP 79136 DNI 36119786).*

*Así mesmo relacionanse os días traballados, lugar de traballo e identificación da fontes/s pública así como o tempo adicado a ditas funcións.*

*Nas vixentes instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal o servizo da corporación e dos seus organismos autónomos vixentes, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 20 de setembro de 2010, no seu apartado TERCEIRO n) contempla o aboamento, con carácter transitorio en tanto non sexa decidido outro sistema de xestión polo Goberno Municipal, dun complemento de produtividade ao persoal do servizo de electromecánicos que participan no operativo da limpeza especial das fontes públicas ornamentais, supeditado en todo caso o informe do responsable do servizos, acreditativo do rendemento e dedicación dos traballadores propostos polas seguintes cuantías:*

*Responsable da brigada : 351,05 € trimestrais  
Persoal de oficios : 280,84 € trimestrais”*

*O aboamento das productividades efectuarase en función dos días realmente traballados, excluíndose polo tanto os períodos de baixa laboral, sen prexuízo do disposto no parágrafo segundo do artigo 23 do Acordo regulador vixente. Non embargantes, consideraránse como traballados os períodos correspondentes a permisos e licencias contidos no Acordo regulador de condicións económicas e sociais do persoal ó servizo da Corporación, sempre que a produtividade conte con periodicidade e non se autorice día a día.*

*Os empregados municipais Juan Davila Perez e Francisco J Bea Puentes disfrutaron vacacións no período correspondente ao 3º trimestre na cantidade de 20 días o primeiro e 17 o segundo (18/8-12/9; 7-18/7, 11-14/8, 9-11/9)*

*Tendo en conta os importes trimestrais que figuran nas vixentes instrucións de plantilla, correspondería o aboamento das cantidades seguintes a cada un dos funcionarios, correspondentes ao 3º trimestre do ano 2014.*

<b>N persoal</b>	<b>Nome</b>	<b>a percibir</b>
14491	Juan Davila Perez	273,06
79136	Francisco J Bea Puentes	227,8

*Por isto, e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto,*



propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

**A C O R D O :**

Recoñecer aos empregado municipais adscritos ao Servizo de Electromecánicos que participan no operativo da limpeza especial das fontes públicas ornamentais , D Juan Davila Perez, con n de persoal 14491 e D Francisco J Bea Puentes, con n de persoal 79136 as cantidades que a continuación se relacionan segundo o recollido no apartado Terceiro n) das vixentes instrucións de plantilla, aprobadas pola Xunta de Goberno na súa sesión de data 20 de setembro de 2010, correspondentes ao 3º trimestre do ano 2014.

<b>N persoal</b>	<b>Nome</b>	<b>a percibir</b>
14491	Juan Davila Perez	273,06 €
79136	Francisco J Bea Puentes	227,80 €

Aprobar e comprometer o gasto por importe de 500,86€ en concepto de produtividade a favor dos funcionarios D. Juan Davila Perez, con n de persoal 14491 e D Francisco J Bea Puentes, con n de persoal 79136, polo período correspondente ao 3º trimestre do ano 2014.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**19(1409).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS POR EXCESO DA XORNADA ANUAL DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS, OUTUBRO 2014. EXPTE. 25857/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 18/11/14, dáse conta do informe-proposta do 13/11/14, da técnica de Formación de RR HH, conformado pola xefa do servizo e polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

*"Con data 04/11/2014, a xefa do negociado de Cemiterios co visto e praxe da Concelleira-Delegada da Área de Medio Ambiente e Xuventude, remite relación do persoal que deberá percibir gratificación por servizos especiais e extraordinarios por exceso de xornada anual correspondente ao mes de Outubro 2014 así como as datas de realización de dito exceso.*

*A instrución cuarta, apartado f) actualmente en vigor, sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal o servizo da Corporación e dos seus organismos autónomos, establece os servizos extraordinarios a realizar polo persoal auxiliar que presta os seus servizos na oficina administrativa de cemiterios, resultante do exceso estrutural sobre a xornada anual, realizada fundamentalmente, en sábados, domingos e festivos, retribuiranse con cargo a este complemento cun importe máximo anual de 6.079'70 €, cantidade modificada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 30 de decembro de 2013. Dito importe reducirase na parte proporcional que corresponda para o caso de non chegar a realizarse dito exceso de xornada,*

*O persoal relacionado no expediente atopase adscrito, como non podería ser doutro xeito, ao negociado de cemiterios.*

*A xustificación do aboamento , en concepto de gratificacións, ten orixe no exceso de xornada anual realizado polo persoal administrativo do Servizo de Cemiterios pola atención que prestan*

*tódolos sábados, domingos e festivos do ano na atención do Xulgado de Guardia, na expedición das autorizacións xudiciais de inhumacións, etc*

*No escrito do negociado de cemiterios de data 03/11/2014 figura relación as datas e horario de realización do exceso de xornada en sábados, domingos e festivos do mes de outubro de 2014, na que figura Nº de Persoal, nome, data e horario de realización do exceso de xornada.*

*Por isto, e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, e no previsto no art. 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, modificada pola lei 27/2013, de 27 de decembro e nos arts. 213 a 222 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo de Facendas Locais, así como nas bases de execución dos orzamentos, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:*

**A C O R D O :**

*“Recoñece-las obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais e extraordinarios en compensación ás horas en exceso realizadas durante o presente ano do persoal administrativo do servizo de Cemiterios, aboaranse aos traballadores que figuran na relación que se achega e que comeza por José Luis Hermida Rodríguez (nº persoal 13570) e remata por Gumersindo Manuel Rosende Ríos (nº persoal 13758), por importe de 1.105,40 €, correspondente ao mes de Outubro-2014, con cargo á partida presupostaria 922.0.151.00.00-Gratificacións”.*

**Acordo:**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **20(1410).- PRODUTIVIDADE POR TOXICIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DE DESINFECCIÓN, OUTUBRO 2014. EXPTE. 25859/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 18/11/14, dáse conta do informe-proposta do 13/11/14, da técnica de Formación de RR HH, conformado pola xefa do servizo e polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

*“A directora do Laboratorio Municipal co visto e prace da Concelleira-Delegada do servizo remite relación do persoal do servizo de Desinfección que ten dereito a percibir o complemento de produtividade correspondente ao mes de Outubro de 2014, por as tarefas que a diario desenvolve o persoal de dito servizo de control de pragas que van orientadas ao control curativo-preventivo de calquera praga (insectos, roedores, fungos, bacterias, etc.) que eclosione dentro do término municipal.*

*A instrucción terceira, apartado e) actualmente en vigor, sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal o servizo da corporación e dos seus organismos autónomos, establece que aboarase con cargo ó complemento de produtividade, a toxicidade do persoal adscrito ó Servizo de Desinfección que manipula produtos tóxicos e perigosos, por un importe de 122,21 €/mes.*

*O servizo de prevención de Riscos laborais, en data 24/06/2014 informa a este servizo que o traballo desenvolvido polos persoal adscrito a Unidade de Desinfección do Concello de Vigo conleva unha importante esixencia física, que ten como riscos principais a manipulación manual de cargas, a adopción de posturas forzadas e o risco de exposición a produtos perigosos para o*

*ser humano, co risco engadido que supón o traballo en horario nocturno que realizan todos os venres do ano e os meses da campaña de desratización.*

*O aboamento das productividades efectuaranse en función dos días realmente traballados, excluíndose polo tanto os períodos de baixa laboral, vacacións, permisos non retribuídos, suspensión de relación laboral, etc., sen prexuízo do disposto no parágrafo segundo do artigo 23 do Acordo regulador vixente. Nembargantes, consideraranse como traballados os períodos correspondentes a permisos e licencias contidos no Acordo regulador de condicións económicas e sociais do persoal ao servizo da Corporación, sempre que a produtividade conte com periodicidade e non se autorice día a día.*

*Por isto, e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, e o previsto no art. 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, modificada por Ley 27/2013, de 27 de diciembre e nos arts. 213 a 222 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo de Facendas Locais, así como nas bases de execución dos orzamentos, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:*

**A C O R D O :**

*“Recoñece-las obrigas que en concepto de Complemento de produtividade aboarase o persoal adscrito o Servicio de Desinfección que figura na relación que se achega e que comencan por Don José Ramón Seijas Alvarez e rematan por Don Alberto Seijas Fernández, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ao mes de Outubro-2014 e que ascenden a un total 409,13 €, con cargo a partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.”*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**21(1411).- PRODUTIVIDADE POR CONDUCCIÓN DE MAQUINARIA PESADA DO PERSOAL DO PARQUE MÓBIL, TERCEIRO TRIMESTRE 2014. EXPTE. 25743/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 20/11/14, dáse conta do informe-proposta do 18/11/14, da técnica de Formación de RR HH, conformado pola xefa do servizo e polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

*“O xefe do Parque Móbil, remite con data 2/10/2014, escrito relacionando o persoal que ten dereito a percibir o complemento de produtividade por manexar maquinaria pesada, pertencente ao Parque Móbil, correspondente ao 3º trimestre de 2014.*

*A instrucción terceira, apartado f) sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal o servizo da corporación e dos seus organismos autónomos, actualmente vixente, establece que aboarase con cargo ó complemento de produtividade, a act'ividade extraordinaria dos oficiais conductores que utilicen palas sen habitualidade, por un importe de 0.74 por cada hora de conducción.*

*Para ter dereito á percepción deste complemento será preceptivo o desempeño destas funcións por tempo superior ó 50% de cada respectiva xornada diaria.*

*Da análise da documentación comprobase a existencia dunha relación do persoal do servizo con indicación dos días traballados, total de horas e importes según o estipulado na instrucción precitada asi como relación da maquinaria pesada, co seu correspondente número de flota*

utilizada por cada un dos empregados relacionados nos días citados.

Por isto, e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, e o previsto no art. 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, modificada por Ley 27/2013, de 27 de diciembre e nos arts. 213 a 222 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo de Facendas Locais, así como nas bases de execución dos orzamentos, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

#### ACORDO:

*“Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade polos servizos prestados polo persoal do Parque Móbil, por manexar maquinaria pesada, correspondente ó 3º TRIMESTRE-2014, aboarase ós traballadores que figuran na relación que se achega no expediente e que comenza por Angel Alonso González remata por Avelino Troncoso Martínez, e que ascenden a un total de 2.633,77 € (dous mil seiscentos trinta e tres euros con setenta e sete céntimos) con cargo á partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE”*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **22(1412).- GASTOS LOCOMOCIÓN DE DIVERSOS SERVIZOS MUNICIPAIS, XUÑO-OUTUBRO 2014. EXPTE. 25896/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 20/11/14, dáse conta do informe-proposta da xefa do servizo, conformado polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

#### *“ANTECEDENTES*

*No Servizo de Recursos Humanos teñen sido recibidos diferentes expedientes administrativos referidos aos desprazamentos por razón do servizo efectuados por persoal municipal, xuntamente cos informes acreditativos da efectiva realización dos mesmos. Ditos documentos están asinados polos correspondentes xefes/as dos servizos ou Áreas e contan coa conformidade dos Concelleiros/as-delegados/as das Áreas de goberno.*

*Os expedientes recibidos corresponden aos servizos municipais seguidamente relacionados:*

- Vías e Obras,
- O.S.P.I.O.,
- Participación Cidadá e Emprego,
- Conserxería,
- Mobilidade, Transporte e Seguridade,
- Inspección de Tributos,
- Cemiterios,
- Museo Municipal de Vigo “Quiñones de León”,
- Benestar Social,
- Educación,
- Sanidade.

O expediente remitido a Intervención Xeral para informe de fiscalización consta dos expedientes recibidos neste servizo correspondentes á solicitude de aboamento de indemnizacións por razón de servizo dos distintos servizos municipais.

Nos devanditos expedientes inclúense orde de servizo a cada empregado municipal para a realización dos desprazamentos en función do desempeño das tarefas do seu posto, a identificación do empregado municipal, percorrido e quilómetros correspondentes a cada un deles e a matrícula do vehículo utilizado nestes desprazamentos.

A efectiva realización dos desprazamentos, xunto coa veracidade na necesidade e procedencia dos mesmos en relación coa prestación do servizo público presúmese coa correspondente sinatura dos xefes dos servizos e Concelleiros/as-delegados/as dos centros xestores.

O importe dos devanditos expedientes, nos termos dos cálculos efectuados por este Servizo, supón un total de 7.877,89 €.

A relación dos efectivos públicos municipais con dereito á percibir das indemnizacións por razón do servizo correspondentes para os períodos temporais consignados concrétese no listado subseguinte -que comeza por D. Raimundo Villar Estévez e que remata en D. Constantino Domínguez Casales-:

Nº Expte.	Servizo	Traballador	DNI	Nº Per-soal	Mes	Importe
72524-250	Vías e Obras	Villar Estévez, Raimundo	36.012.815-J	11682	Outubro 2014	293,93 €
		Barciela Simón, Benito	36.008.640-R	13617	Outubro 2014	300,39 €
		Gómez Pascual, Julio	34.901.122-W	11819	Outubro 2014	298,30 €
		Oujo Gerut, Ventura	36.019.537-L	17740	Outubro 2014	300,01 €
		Matilde Viñas, Eugenio	36.000.551-P	11831	Outubro 2014	300,01 €
		Cobas Rey, Eugenio	36.017.739-S	15467	Outubro 2014	299,63 €
	O.S.P.I.O.	Ferro Mancho, Angel	36.072.730-J	79185	Outubro 2014	299,63 €
		Lobato Cameselle, Ricardo	35.999.817-X	17489	Outubro 2014	299,06 €
		Romero Gil-Delgado, Loreto	36.064.307-P	78929	Outubro 2014	270,75 €
		Vázquez Rial, Ramón	36.022.874-K	13273	Outubro 2014	296,78 €
6800-320	Participación Cidadá	Gutiérrez Orúe, Francisco J.	13.894.232-R	13920	Outubro 2014	115,56 €
336-201	Conserxería	Fernández Amil, Fernando	36.022.162-E	13706	Outubro 2014	206,39 €
		Yáñez Rodríguez, Julio	36.031.496-H	17822	Outubro 2014	287,68 €
91055-210	Mobilidade, Transporte e Seguridade	Roca Dafonte, José Manuel	32.429.643-B	15303	Outubro 2014	199,50 €
91056-210		Rodríguez Caramés, José M.	35.547.314-D	15355	Outubro 2014	199,50 €
91057-210		Bacelos González, José	36.023.371-N	15480	Outubro 2014	162,83 €
30295/3030 0-502 30402/3040 7-502	Inspección de Tributos	Fragua Jamardo, Vicente	36.036.018-D	15510	Setembro+Out. 2014	474,05 €
		Fernández Pedreira, Enrique	36.042.726-R	11529	Setembro+Out. 2014	357,77 €
		Comesaña Rial, Manuel	36.033.647-F	9550	Setembro+Out. 2014	578,36 €
		Domínguez Vázquez, José M.	36.006.131-E	8361	Setembro+Out. 2014	575,32 €
		González Campelos, Manuel	35.997.315-S	23656	Setembro+Out. 2014	578,93 €
10367-255	Cemiterios	Rodríguez López, Adolfo	36.030.284-W	76430	Outubro 2014	152,38 €
	Museo Municipal de Vigo "Quiñones de Leon"	Ballesta de Diego, José J.	36.065.836-L	76439	Outubro 2014	18,24 €
		Egea Torrón, Pilar	50.806.376-C	18543	Xuño, Xullo, Out. 2014	38,76 €

Nº Expte.	Servizo	Traballador	DNI	Nº Per-soal	Mes	Importe
		Rodríguez Fernández, Javier	34.967.837-V	80072	Xuño,Xullo,Out.2014	25,46 €
101440-301	Benestar Social	Rosende Villar, Estela	36.069.110-G	80488	Agosto-Set. 2014	26,79 €
	Educación	Alonso Asenjo, Beatriz	35991..455-C	15651	Outubro 2014	93,67 €
		Codesido Rodríguez, J. Felipe	36.081.823-K	19399	Outubro 2014	133,38 €
14142-310	Sanidade	Domínguez Casales, Constantino	36.017.614-M	14663	Maió-Xullo 2014	694,83 €
<b>TOTAL</b>						<b>7.877,89 €</b>

### FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- Artigo 24 da Lei 22/2013, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2014.

II.- Artigos 18, 20 e 21 do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

III.- Base 36ª das Bases de Execución do Orzamentos Municipais do Concello de Vigo para o exercicio económico 2014.

IV.- Artigo 219 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais: Imputación do gasto: clasificación económica 2312000 -"Gastos de Locomoción" dos vixentes Orzamentos Municipais e conseguíntes Bases de Execución do Orzamentos Municipais do Concello de Vigo para o exercicio económico 2014 .

V.- Artigo 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada por Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, en canto ao réxime de atribución competencial da Xunta de Goberno Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local.

En consecuencia, e previo o preceptivo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **A C O R D O** :

"Aprobar o gasto por un importe de **7.877,89 €**, correspondente aos desprazamentos efectuados por persoal municipal no termo municipal de Vigo en concepto de indemnizacións por razón do servizo, acreditada a súa efectiva realización nos expedientes e informes recibidos no Servizo de Recursos Humanos, asinados polos correspondentes xefes/as dos servizos ou Áreas e contan coa conformidade dos Concelleiros/as-delegados/as das Áreas de goberno, segundo a relación contida no cadro subseguinte -que comeza por D. Raimundo Estévez Villar e que remata en D. Constantino Domínguez Casales-, imputándose o gasto con cargo á clasificación económica dos vixentes Orzamentos municipais 2312000 -Gastos de Locomoción, correspondente aos períodos que se indica:

Nº Expte.	Servizo	Traballador	DNI	Nº Per-soal	Mes	Importe
72524-250	Vías e Obras	Villar Estévez, Raimundo	36.012.815-J	11682	Outubro 2014	293,93 €
		Barciela Simón, Benito	36.008.640-R	13617	Outubro 2014	300,39 €
		Gómez Pascual, Julio	34.901.122-W	11819	Outubro 2014	298,30 €

Nº Expte.	Servizo	Traballador	DNI	Nº Per-soal	Mes	Importe
		Oujo Gerut, Ventura	36.019.537-L	17740	Outubro 2014	300,01 €
		Matilde Viñas, Eugenio	36.000.551-P	11831	Outubro 2014	300,01 €
		Cobas Rey, Eugenio	36.017.739-S	15467	Outubro 2014	299,63 €
	O.S.P.I.O.	Ferro Mancho, Angel	36.072.730-J	79185	Outubro 2014	299,63 €
		Lobato Cameselle, Ricardo	35.999.817-X	17489	Outubro 2014	299,06 €
		Romero Gil-Delgado, Loreto	36.064.307-P	78929	Outubro 2014	270,75 €
		Vázquez Rial, Ramón	36.022.874-K	13273	Outubro 2014	296,78 €
6800-320	Participación Cidadá	Gutiérrez Orúe, Francisco J.	13.894.232-R	13920	Outubro 2014	115,56 €
336-201	Conserxería	Fernández Amil, Fernando	36.022.162-E	13706	Outubro 2014	206,39 €
		Yáñez Rodríguez, Julio	36.031.496-H	17822	Outubro 2014	287,68 €
91055-210	Mobilidade,	Roca Dafonte, José Manuel	32.429.643-B	15303	Outubro 2014	199,50 €
91056-210	Transporte e Seguridade	Rodríguez Caramés, José M.	35.547.314-D	15355	Outubro 2014	199,50 €
91057-210		Bacelos González, José	36.023.371-N	15480	Outubro 2014	162,83 €
30295/3030 0-502 30402/3040 7-502	Inspección de Tributos	Fragua Jamarido, Vicente	36.036.018-D	15510	Setembro+Out. 2014	474,05 €
		Fernández Pedreira, Enrique	36.042.726-R	11529	Setembro+Out. 2014	357,77 €
		Comesaña Rial, Manuel	36.033.647-F	9550	Setembro+Out. 2014	578,36 €
		Domínguez Vázquez, José M.	36.006.131-E	8361	Setembro+Out. 2014	575,32 €
		González Campelos, Manuel	35.997.315-S	23656	Setembro+Out. 2014	578,93 €
10367-255	Cemiterios	Rodríguez López, Adolfo	36.030.284-W	76430	Outubro 2014	152,38 €
	Museo Municipal de Vigo "Quiñones de Leon"	Ballesta de Diego, José J.	36.065.836-L	76439	Outubro 2014	18,24 €
		Egea Torrón, Pilar	50.806.376-C	18543	Xuño,Xullo,Out.2014	38,76 €
		Rodríguez Fernández, Javier	34.967.837-V	80072	Xuño,Xullo,Out.2014	25,46 €
101440-301	Benestar Social	Rosende Villar, Estela	36.069.110-G	80488	Agosto-Set. 2014	26,79 €
	Educación	Alonso Asenjo, Beatriz	35991.455-C	15651	Outubro 2014	93,67 €
		Codesido Rodríguez, J. Felipe	36.081.823-K	19399	Outubro 2014	133,38 €
14142-310	Sanidade	Domínguez Casales, Constantino	36.017.614-M	14663	Maio-Xullo 2014	694,83 €
<b>TOTAL</b>						<b>7.877,89 €</b>

	<b>SERVIZO</b>	<b>TOTAL</b>
1550	Vías e Obras-O.S.P.I.O.	2.958,49 €
2410	Participación Cidadá e Emprego	115,56 €
9220	Conserxería	494,07 €
1330	Mobilidade, Seguridade e Transportes	561,83 €
9310	Servizos Económicos	2.564,43 €
1640	Cemiterios	152,38 €
3330	Museo da Cidade "Quiñones de Leon"	82,46 €
2310	Benestar Social	26,79 €
3210	Educación	227,05 €
3134	Sanidade	694,83 €
	<b>TOTAL</b>	<b>7.877,89 €</b>

“

## Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **23(1413).- RECTIFICACIÓN DE ERRO NO EXPEDIENTE ADMINISTRATIVO 25899/220 SOBRE OUTORGAMENTO DE COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE A DIVERSOS SERVIZOS. EXPTE. 25926/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 25/11/14, do técnico de Organización e Planificación de RR HH, conformado pola xefa do servizo e polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

*“A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente do 21 de novembro de 2014, acordou aprobar o outorgamento dun complemento de produtividade a diversos servizos (Policía Local, Cemiterios, Extinción de Incendios e Salvamento e Laboratorio Municipal) pola especial adicación, rendemento e interese acreditados e propostos nos informes dos respectivos servizos, figurando as seguintes persoas que na actualidade xa non manteñen vínculo de servizo con este Concello:*

*D. Etelvino Pérez Rúa  
D. Estanislao Durán Calvo  
D. Enrique A. Fernández Fernández  
D. José Manuel Lemos Abreu  
D. Juan Manuel Pérez Rodríguez*

*Polo que de conformidade co disposto no art. 105.2 da vixente Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, ben de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.*

*Vista as competencias recollidas no art. 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, sométese a consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:***

*Primeiro.- Rectificar, ao abeiro do art. 105.2 a Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, o erro detectado no informe-proposta do Servizo de Recursos Humanos, de data 20/11/2014, e consecuentemente o acordo da Xunta de Goberno Local de data 21/11/2014 (expte. 25899-220 outorgamento dun complemento de produtividade a diversos servizos (Policía Local, Cemiterios, Extinción de Incendios e Salvamento e Laboratorio Municipal), debendo eliminarse as seguintes persoas D. Etelvino Pérez Rúa, D. Estanislao Durán Calvo, D. Enrique A. Fernández Fernández, D. José Manuel Lemos Abreu e D. Juan Manuel Pérez Rodríguez, por non manter na actualidade vínculo de servizo con este Concello.*

*Segundo.- Notifíquese o presente acordo á Intervención Xeral Municipal aos efectos oportunos.”*

## Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



**24(1414).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE DATA 25.11.14 DE RENUNCIA AO NOMEAMENTO INTERINO POR EXECUCIÓN DO PROGRAMA TEMPORAL “PLAN DE TRASTORNOS ADICTIVOS DE GALICIA 2011-2015”, COMO MÉDICO-PSIQUIATRA, DE DNA. CELIA GÓMEZ YEPES. EXPTE. 25920/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 21/11/14, do técnico de Organización e Planificación de RR HH conformado pola xefa do servizo, que di o seguinte:

*“Con data 21 de novembro de 2014, tivo entrada a través do Rexistro Xeral solicitude presentada por D<sup>a</sup>. Celia Gómez Yepes (doc. 140142327) na que formula renuncia ao seu nomeamento interino como Médico-Psiquiatra.*

*A interesada foi nomeada funcionaria interina como Médico-Psiquiatra ao abeiro do disposto no artigo 10.1.c) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, para a execución do Programa Temporal “Plan de Trastornos Adictivos de Galicia 2011-2015”, segundo acordo da Xunta de Goberno Local de data 1 de xullo de 2011, comezando a prestación de servizos o 17/08/2011 por Resolución do Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal da mesma data.*

*De conformidade co previsto no art. 10 en relación co art. 64.1 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, o cese do persoal das administracións públicas producirase pola renuncia que deberá ser manifestada por escrito e aceptada expresamente pola Administración.*

*Por isto, no uso das competencias que a lexislación vixente en materia de réxime local atribúe á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, preceptuadas no art. 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e que en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal ostento o Sr. concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal por delegación do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, efectuada en Decreto de 29 de xullo de 2014, propónse a adopción do seguinte acordo.*

**Primeiro.-** *Aceptar a renuncia presentada con data 21 de novembro de 2014 por D<sup>a</sup>. Celia Gómez Yepes, con DNI 79.324.928-K, nº de persoal 81007, nomeada funcionaria interina por execución do Programa “Plan de Trastornos Adictivos de Galicia 2011-2015” como Médico-Psiquiatra, con efectos do día 23 de novembro de 2014, de conformidade co previsto no art. 10 en relación co 64.1 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.*

**Segundo.-** *A presente resolución notifíquese á interesada, Xefatura da Área de Benestar Social, Xefatura do Servizo de C.E.D.R.O., Xefatura de Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización, Negociado de Seguridade Social e Inspector de Persoal), e Intervención Xeral aos efectos da súa baixa na nómina municipal, debendo darse conta a Xunta de Goberno Local.*

*Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e*

condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

Con data 24/11/14, o concelleiro-delegado de Xestión Municipal resolveu de conformidade coa precedente proposta.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local queda informada.

**25(1415).- DAR CONTA DO PASE A VÍA DE CONSTRINXIMENTO DE LIQUIDACIÓN ADEBEDADA POR SD NOSAS RÚAS. EXPTE. 2474/11.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe do 14/11/14, do tesourero municipal, que di o seguinte:

*20 Xefe de Administración do Instituto Municipal dos Deportes de Vigo (IMD) do Concello de Vigo, remíte a esta Tesourería expediente 2474-11: liquidación de SD NOSAS RUAS (N.I.F. G36963312) por importe de 731,27 euros aprobada por contrato de concesión de instalacións deportivas do IMD a Clubes ou Entidades deportivas para unha tempada deportiva (1 de outubro a 31 de maio) e que unha vez rematado o periodo voluntario de cobro resultou impagada.*

*Dita liquidación foi notificada en periodo voluntario, regulamentariamente conforme os artigos 109 e 112 da Lei Xeral Tributaria, 58/2003, de 17 de decembro, polo que se require desa TESOURERIA- RECADACION para que o SR TESOUREIRO DICTE A CORRESPONDENTE PROVIDENCIA DE CONSTRINXIMENTO.*

*En consecuencia , propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*Quedar enteirada da seguinte liquidación que se remite a esta TESOURERIA para que o Sr Tesoureiro dicte a correspondente providencia de constrinximento que unha vez notificada o obrigado tributario inicie o cobramento pola vía de constrinximento sobre o patrimonio do obrigado o pago con arranxo ó procedemento regulado na Lei Xeral Tributaria e no Regulamento Xeral de Recadación.*

<b>TITULAR</b>	<b>NIF</b>	<b>EXPEDIENTE</b>	<b>IMPORTE</b>
SD NOSAS RUAS	G36963312	2474-11	731,27€

“

A Xunta de Goberno Local queda informada.

**26(1416).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 13,718,29 € A FAVOR DE FESAN ESTUDIOS E ANÁLISES POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ATENCIÓN A NENOS E NENAS NOS ESPAZOS DE TEMPO LIBRE DE CASA DA XUVENTUDE E PAVILLÓN DE COIA- OUTUBRO 2014. EXPTE. 4317/336.**

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes xurídico e de fiscalización do 21/11/14, respectivamente, dáse conta do informe-proposta do

14/11/14, da xefa do servizo, conformado pola concelleira-delegado de área e pola concelleira-delegada de Facenda, que di o seguinte:

*A Concellería de Xuventude iniciou no ano 1990 a actividade de Ludotecas, ubicadas na Casa da Xuventude e no Pavillón de Coia. Estes espazos estaban nese momento concebido como lugares onde se puñan a disposición dos nenos e nenas de idades comprendidas entre os 7 e 12 anos unha serie de xogos e xoguetes, sendo o xogo a actividade principal e através del o desenrolo dunha serie de aptitudes ( cognitivas, sensoriales, de pensamento lóxico, etc). Neste momento en Galicia non existían equipamentos destas características, sendo as referencias no territorio nacional as cidades de Barcelona e Madrid.*

*Na actualidade nestes espazos desenvólvense unha serie de actividades relacionadas co tempo libre como poden ser: obradoiros de todo tipo ( pintura, manualidades, cociña, reciclado), excursións, saídas á natureza, participación en concursos ( comparsas, Nadal, festa da Reconquista) actividades de repaso escolar, etc, deixando a un lado os xogos e xoguetes.*

*Así estes espazos cumpren a clara función de conciliación da vida familiar e laboral, tratando de ocupar o ocio e tempo libre dos nenos e nenas dunha maneira sana, afantándoos do mundo das consolas e a televisión, á vez que se facilita aos pais e nais que traballan un lugar onde os seus fillos e fillas, son atendidos por persoal cualificado ( monitores de ocio e tempo libre) de xeito que poidan acudir e permanecer neles de luns a venres en horario de 16:30 a 20:30 h e de 8:00 a 16:00 h en vacacións escolares.*

*A Fundación de Estudos e Análise Fesan con CIF G15597669, obtivo a adxudicación do contrato de xestión con efectos do 15 de maio de 2008 , finalizando a xestión do servizo o día 16 de maio de 2012.*

*O día 10 de maio do ano 2012 a Concellería Delegada, resolve autorizar a tramitación dun expediente de contrato menor para a continuidade na prestación do servizo dende o 16 de maio ata o 31 de xullo.*

*Con data 24 de xullo dese mesmo ano a Concellería Delegada, resolve autorizar a continuidade na prestación do servizo de Ludotecas a nome de Fundación de Estudos e Análise Fesan con CIF G15597669, ata a resolución do novo contrato de adxudicación.*

*O 25 de xaneiro de 2013 recíbese escrito da Xunta de Galicia onde nos informan de que teñen constancia da existencia de dúas Ludotecas e que é necesario dispor de autorizacións de creación e de inicio de actividade. Mentras o expediente de contratación de Ludotecas segue o seu curso, establecemos contacto coa unidade de Inspección de Servizos Sociais da Xunta de Galicia para normalizar a prestación dunha actividade nacida con anterioridade ao regulamento de 2003.*

*Dado que as actividades que se desenvólven nestes espazos cambiaron sustancialmente, posto que a súa relación directa co xogo e xoguete xa non se da, e tendo en conta que no escrito remitido pola Xunta de Galicia indican que " si os centros que teñen en funcionamento non se axustan á definición legal de Ludotecas que establece o decreto DOG nº 187 do 26 de*

*decembro, procede modificar a denominación de ditos centros”, esta Concellería de Xuventude propón o cambio de denominación de ludotecas por Espazos de Ocio e Tempo Libre, para o cal deixará sen efecto o expediente de contratación 3731/336 de contrato maior para a xestión das Ludotecas da Casa da Xuventude e Coia aprobado pola Xunta de Goberno Local na sesión de data 15 de marzo 2013 e continuará coa tramitación xa iniciada, do expediente de xestión dun programa de dinamización xuvenil ( expediente 4156/336) a desenvolver nos espazos adicados ao Ocio e Tempo Libre da Casa da Xuventude e do Pavillón de Deportes de Coia.*

*Ante a necesidade de dispoñer dun certificado de seguridade e salubridade das instalacións requerido pola Xunta de Galicia, solicitouse o mesmo á Xerencia de Urbanismo, así como ao Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento. Unha vez obtidos ditos certificados remitíronse á Xunta de Galicia.*

*Por todos estes motivos e seguindo as recomendacións de Asesoría Xurídica, a licitación do novo contrato non foi publicada (3731/336), estando pendente ata ter o VºBº da Xunta de Galicia ás instalacións unha vez reformadas.*

*Ante a imposibilidade de reformar as instalacións conforme as exixencias da Xunta de Galicia, e dada a posibilidade que esta ofrecía de proceder a un cambio de denominación de actividade, posto que sen ben nun principio era o xogo e o xoguete e todas as actividades relacionadas con estes o que maior peso tiña nestos servizos, a día de hoxe constituen uns centros de tempo libre cuxo obxectivo principal é a conciliación da vida familiar e laboral, procédese a cambiar a denominación dos centros.*

*Así a XLG en sesión do 04/04/2014 acorda solicitar á Xunta de Galicia o arquivo dos expedientes iniciados por desenvolver actividades distintas e proceder ao cambio de denominación de Ludotecas por Espazos de Tempo Libre.*

*Por todo elo Fundación de Estudos e Análise Fesan con CIF G15597669 continua prestando o servizo e presenta con data 31 de outubro de 2014 a factura nº B/0025/14 por importe total de 13.718,29 €, en concepto de prestación do servizo de atención a nenos e nenas nos Espazos de Tempo Libre da Casa da Xuventude e Pavillón de Coia durante o mes de outubro de 2014.*

*Polo exposto, solicítase a convalidación das actuacións de gasto realizadas sen fiscalización previa que figuran na factura núm. B/0022/14 que se achega no expediente, con cargo á partida 33702279900 “Ludoteca Casa da Xuventude e Coia” do programa orzamentario da Concellería de Xuventude para o exercicio 2014.*

*Esta unidade xestora solicita á Oficina de Intervención municipal a convalidación das actuacións de gasto realizadas sen fiscalización previa que figuran na factura núm. B/0025/14 que se achega no expediente con cargo á partida 3370 2279900 “Ludoteca Casa da Xuventude e Coia” do programa orzamentario da Concellería de Xuventude para o exercicio 2014. A Intervención Xeral informa favorablemente á solicitude de convalidación de gasto.*

*Por todo o exposto, e previos os preceptivos informes, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:*

*“1º.- Aprobar a indemnización substitutiva mediante a validación das actuacións realizadas sen fiscalización previa, que figuran na factura número B/0025/14 de Fundación de Estudos e Análise Fesan con CIF G15597669 por un importe total de 13.718,29€ en concepto de Prestación do servizo de atención a nenos e nenas nos Espazos de Tempo Libre de Casa da Xuventude e Pavillón de Coia durante o mes de outubro de 2014 do programa orzamentario da Concellería de Xuventude para o exercicio 2014.*

*2º.- Recoñecer a obriga a favor de Fundación de Estudos e Análise Fesan con CIF G15597669 por un importe total de 13.718,29€, en concepto de Prestación do servizo de atención a nenos e nenas nos Espazos de Tempo Libre de Casa da Xuventude e Pavillón de Coia durante o mes de outubro de 2014, partida 3370 2279900 “Ludoteca Casa da Xuventude e Coia” do programa orzamentario da Concellería de Xuventude para o exercicio 2014”.*

Acordo:

a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.

**27(1417).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey.